

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e nove de abril de dous mil dezaseis, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

O deputado do Grupo Popular, don Antonio Montero Fernández, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto terceiro da orde do día e regresou cando se trataba o punto quinto.

Os deputados do Grupo Socialista don José Ignacio Gómez Pérez e don Miguel Bautista Carballo, ausentáronse do salón de sesións cando se trataba o punto quinto da orde do día e regresaron cando se trataba o punto sexto.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no documento audiovisual auténtico denominado vídeo acta, na dirección electrónica do portal de vídeo acta seguinte:

<http://videoacta.depourense.es>

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE MARZO DE 2016.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de marzo de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

A continuación prodúcense as intervencións seguintes, co contido que se indica a continuación de xeito resumido:

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, lembra que o seu grupo formulara ao respecto da redacción das actas unha cuestión de orde, no senso de reclamar que se seguisen a redactar integramente en formato papel, por entender que debe ser así, dado que – aínda que a vídeo – acta estea moi ben e lles pareza ben o uso das novas tecnoloxías – cre que hai moita información que non chega a todo o mundo pola vía telemática; engade que na derradeira Xunta de Portavoces dende Secretaría Xeral manifestouse o compromiso que volver ao formato anterior das actas, no vindeiro pleno ou no seguinte, e se iso é así, e ese compromiso é firme, o seu grupo non ten ningún inconveniente en votar a favor deste acta, concluíndo coa advertencia de que se ese compromiso non se cumpre o seu grupo non poderá votar a favor das actas no sucesivo.

O contido íntegro da intervención recóllese no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e a acta da sesión anterior é aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA ESIXIR A DIMISIÓN E REPROBAR AO DEPUTADO DON IGNACIO GÓMEZ PÉREZ.-

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Lama Nóvoa para que defenda o contido da moción, que foi ditaminada favorablemente na comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“A representación dos cidadáns esixe que deputadas e deputados provinciais fagamos o noso traballo reivindicando o nobre exercicio da política actuando con educación e respecto. Solo fai falta repasar as reunións plenarias e de comisións para concluír que existe un membro da corporación que fai do insulto e da mala educación, da descortesía e da infamia, as súas características principais. No Pleno ordinario do mes de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

*marzo o deputado Gómez Pérez “adornou” o seu tono e a súa actitude habitual utilizando a mentira ata en tres ocasións. Uniu á súa demagogia barata a mentira e deixou en evidencia a súa forma de entender a política, nunca con altura de miras e sempre de xeito “marrulleiro”. Mentiu negando que nunca estivera incurso en ningunha causa xudicial ao longo dos seus doce anos que leva no Concello de Ribadavia. Mentiu afirmando que tiña solicitado unha compañeira o cambio de hora/ día dun pleno nun concello para que non coincidira co pleno da Deputación. Mentiu dicindo que o Presidente non respondera por escrito ás preguntas formuladas no Pleno polos grupos políticos. As súas “artes”, a indignidade do seu comportamento, os seus insultos e descualificacións, a súa actitude de “matonismo político”, o seu trato despectivo ... mentir en tres ocasións nun pleno aos representantes da provincia de Ourense son cuestións aínda máis graves cando as comete o voceiro principal dun grupo político que ademais cobra unha dedicación teoricamente por dedicar todo o seu tempo ás súas funcións como deputado provincial. A mentira nunha cámara de representación política supón a actitude máis insultante e indigna e inhabilita a quen a pronuncia. Facelo por tres veces na mesma sesión e quedando en evidencia pola presenza de documentos xudiciais, certificados funcionariais e informes do departamento de transparencia, determina que o ridículo e a vergoña sexan compañeiros inseparables do mezquino xeito de entender a política do deputado Gómez Pérez. En virtude do exposto, proponse que o Pleno da Deputación Provincial de Ourense adopte o seguinte **acordo**: 1º.- Esixir a dimisión como deputado de Ignacio Gómez Pérez por utilizar a mentira permanente nesta cámara política. 2º.- Reprobar ao deputado Gómez Pérez polo seu labor, actitude e formas indignas da representación política que ostenta. 3º.- Dar conta deste acordo ao Concello de Ribadavia, aos grupos políticos desa corporación, e ás entidades culturais, sociais e económicas nese termo municipal”.*

Dona Montserrat Lama Nóvoa reconece que esta pode considerarse unha moción inusual, pero é que o Sr. Gómez Pérez é tamén un político inusual. Di que a verdade é un dos principais valores na política, e no estilo de facer política que ela defende, e que se falla ese valor pérdese a credibilidade. Di que o Sr. Gómez levou a cabo un recital de mentiras no pleno de marzo, o que fai perder calquera verosimilitude ás súas manifestacións. Concretamente, di que mentiu en tres cuestións: en primeiro lugar, cando se lle preguntou se estivera incurso nalgún proceso xudicial, o negou cos seus habituais xestos teatrais (pero aparece nun proceso xudicial por vulneración de dereitos fundamentais, en cuxa sentenza sae o seu nome e apelidos); a segunda mentira consiste en que asegurou que unha deputada do Grupo Socialista, dona Isabel Gil Álvarez, pedira o cambio da data de realización do pleno municipal en Ramirás por coincidir co pleno da Deputación, e o Sr. Gómez veu dicir que por ser do PP ese concello non se lle dera o cambio solicitado, e isto tamén foi falso, como puxo en evidencia un certificado da secretaria do concello; e en terceiro lugar mentiu cando afirmou que o Sr. Presidente non respondía ás preguntas oralmente no Pleno, outra

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

mentira e así o fixo público un informe do xefe do Negociado de Transparencia. Mentiras reiteradas, antes documentos xudiciais e informes funcionariais. Cre que o Sr. Gómez ten un complexo de inferioridade que lle está a xogar unha mala pasada. Cualifícao de mentireiro compulsivo e público mentirán. Di que moi mal teñen que andar as cousas no PSOE para que o seu cabeza visible sexa o Sr. Gómez, porque cre que calquera dos seus compañeiros ten moito máis nivel e respecto institucional que el. Cústalle crer que habendo máis de douscentos concelleiros do PSOE na provincia, ese partido aposte pola necidade, pola demagogia, pola falta de respecto institucional e pola mentira. Di que a súa forma de actuar – con continuos xestos, interrompendo constantemente as intervencións dos demais ... – é incompatible co respecto institucional. Engade que ese xeito de actuar esta prexudicando ao seu concello, Ribadavia, e que esta non é unha opinión exclusiva súa, senón compartida por membros doutras formacións políticas que non son o PP. Di que o Sr. Gómez é alcalde, e deputado con dedicación exclusiva, pero ven por aquí escasamente seis horas ao mes, e que nin sequera asina as iniciativas do seu grupo, porque son fotocopias, e cada hora de presenza na Deputación do Sr. Gómez cústalle aos cidadáns 500 euros. Di que ademais a súa xestión á fronte do seu concello é desastrosa, porque Ribadavia adebeda a esta deputación máis de 400.000 euros, e pregúntalle cómo pensa arranxar esa situación. Sinala tamén que a deputación está a axudar a Ribadavia, por exemplo coa elaboración da RPT, xa que a xestión do Sr. Gómez neste asunto é desastrosa. Pregúntase onde está o Sr. Gómez a maior parte do tempo, porque nin está na deputación nin está no concello, ao que, cando vai, vai para facer o que lle di o anterior alcalde que, por certo, pasa polo concello con bastante maior frecuencia que o Sr. Gómez. En resumo, di que o seu grupo está canso das risas burlonas do Sr. Gómez, dos seus febles argumentos demagóxicos ao 100 % e das súas mentiras, que non deben formar parte das ferramentas dialécticas de ningún político, nesta ou en calquera outra institución.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG, di que ao respecto desta moción do Grupo Popular non vai entrar punto por punto a analizar cada cuestión á que se refire, porque entende que iso corresponde ao propio deputado afectado; pero si quere facer algunhas consideracións de carácter xeral. O primeiro que lamenta é que esta moción non se trouxese ao pleno anterior, onde se debateu o papel das deputacións provinciais, porque é

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

ilustrativa ao respecto do que se fai realmente nas deputacións, ao ser unha moción na que se esixe a dimisión dun deputado da oposición por facer o seu traballo, porque dende logo no tempo que leva aquí non viu no Sr. Gómez ningunha actitude que o faga acredor das críticas que se lle fan na moción, e certamente a actividade dos deputados pasa por participar nun foro político onde se manifestan opinións ou críticas que ás veces pode que non gusten, pero iso é algo que os deputados están obrigados a asumir, e falando diso quere lembrar que dende logo cousas máis graves que as que se mencionan na moción se teñen visto nesta deputación sen que o Grupo Popular fixera nada por pórilles remedio. Considera que esta moción é dunha miopía absoluta e inaceptable, e está seguro que si se lle pregunta individualmente aos deputados do Grupo Popular, a maioría manifestarían o seu desacordo con esta moción, porque é un auténtico tiro no pé do goberno provincial, xa que o Sr. Presidente ten unha complicada situación persoal e pública (porque os seus problemas non atinxen só á esfera persoal) e nunha situación así sería de agardar un pouco máis de comedimento sen abrir debates nos que pode haber ocasión de que se susciten cuestións que, polo que se viu nestes últimos meses, non son do agrado do grupo de goberno. Cre que se os deputados están aquí é para debater asuntos de interese dos veciños, e que esta moción trata un asunto que non lle interesa absolutamente a ninguén nesta provincia, porque non é unha moción que achegue nada construtivo para resolver os problemas dos cidadáns, e o que lles preocupa aos cidadáns son outras cousas, como as políticas que o goberno provincial leva catro anos realizando e nos manteñen nos derradeiros postos de calquera *ranking*, como o seu grupo leva denunciando cada vez que ten ocasión. Cre que os cidadáns esperan en cambio explicacións sobre o asunto que mantén ao Sr. Presidente incurso nun proceso xudicial que está aberto e segue adiante no momento actual (a ao fío disto, advirte tamén dunha grande diferenza entre a actitude do Grupo Popular cando se presentou a moción de reprobación do Sr. Presidente e a que ten agora o Grupo Socialista ante esta moción de reprobación do seu voceiro, porque entón os deputados do PP non tiveron sequera a valentía de vir ao Pleno a dar a cara e dar explicación, e en cambio nesta ocasión os compañeiros do Grupo Socialista si asisten a esta sesión); o que os cidadáns agardan son proxectos e mocións construtivas, como a que por exemplo trae o día de hoxe a este Pleno o BNG, con propostas de medidas concretas para resolver problemas dos veciños da provincia, que é o que se debe facer dende a Deputación, e sobre todo o grupo de goberno,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

que ten a maior responsabilidade ao respecto, e non tentar solucionar os problemas mediante anuncios grandilocuentes e frases feitas que non teñen plasmación real. Di que o grupo de goberno non só non da explicacións sobre os problemas persoais e públicos do Sr. Presidente aos que fixo alusión antes, senón que mesmo se negan a dar explicacións sobre cuestións operativas das actuacións que se están a levar a cabo, e que en calquera outra administración se explicarían sen problema, como sucede con temas como o da misión comercial a EE.UU., no que o Sr. Presidente negouse a comparecer para explicar este proxecto, engadindo que o Sr. Presidente só comparece nos plenos ordinarios, e o resto do tempo non se sabe por onde anda. Remata manifestando todo o seu apoio ao voceiro do Grupo Socialista, e lembrándolle ao grupo de goberno que o seu deber é gobernar como o da oposición controlar o labor de goberno e facer achegas en positivo, como fai sempre o BNG en defensa dos intereses dos veciños e veciñas en tódalas institucións nas que ten representación; o resto son perdas de tempo e *titiritadas* que a nada conducen.

Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana, di que a Sra. Lama empezou a súa intervención falando dos diferentes estilos de facer política, e espera que non teña intención de facer canónico o seu estilo, porque hai diversos estilos na política como os hai na literatura, nas artes ou en calquera faceta da vida; a Sra. Lama pode ter un estilo diferente ao do voceiro do Grupo Socialista, e pode haber cincuenta mil estilos diferentes, pero iso para o seu grupo non significa nada. Con respecto ás súas alusións ás mentiras do Sr. Gómez relativas a un proceso xudicial en Ribadavia, o seu grupo carece de representación nese concello e de información ao respecto, polo que, ante a dúbida, aplican o principio que din os xuristas de que na dúbida hai que ir a favor do acusado; no caso concreto do tema de Ramirás, di que el estivo no Pleno anterior e non interpretou que o deputado socialista mentise, simplemente insinuou algo pero sen afirmalo de forma taxante tampouco; e no tema das respostas do Sr. Presidente ás preguntas do Grupo Socialista, di que o seu grupo non anda furgando na documentación dos outros grupos e polo tanto tampouco teñen información ao respecto. No que se refire á presenza física do Sr. Gómez no Pazo Provincial, di que as competencias da deputación abranguen toda a provincia, e que ademais hoxe en día existen medios para traballar sen que sexa necesaria a presenza física, e mesmo se pode estar traballando dende unha peneda da serra de San Mamede cun ordenador, e a mellor proba disto é o propio presidente, que di que traballa por esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

provincia e se pasa todo o tempo viaxando polo mundo, de norte a sur e de leste a oeste, polo que esta acusación tampouco lles di nada. No referente ao comportamento do Sr. Gómez como deputado, o seu grupo non ten observado que fose incorrecto en ningún momento: pode ser máis ou menos vehemente, pode molestar máis ou menos o que di (porque xa se sabe que as verdades, ás veces, molestan), pero segundo o seu criterio, non pode cualificarse de incorrecto. En todo caso, agora mesmo temos a sorte de que os plenos se gravan e se difunden, por Internet e tamén por cadeas televisivas coma a do portavoz principal de Democracia Ourensana, e polo tanto os cidadáns poden ver as intervencións do Sr. Gómez Pérez no Pleno e poderán xulgar ao respecto. Doutra banda, a función da oposición e controlar e fiscalizar ao goberno, é “molestar”, entre comiñas, buscarlle as cóxegas ao goberno, que á súa vez ten que estar traballando pola provincia; o que non ten sentido é que o goberno se dedique a fiscalizar a labor da oposición, porque a referencia do goberno é a cidadanía e a da oposición é o goberno. Por todo o exposto, anuncia o voto en contra do seu grupo, e se adhire ao manifestado polo voceiro do BNG en canto a que as mocións deberían ser construtivas e ter un espírito diferente ao que anima esta.

Don José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, agradece as palabras de apoio dos voceiros do BNG e DO, porque ademais é gratificante escoitar as opinións doutras persoas e non as dun mesmo, dado que falar dun mesmo sempre avergoña un pouco, e el non está aquí para falar de si mesmo, pero hai quen así o entende. Descualifica os argumentos en que se basea a moción, e amosa a portada do diario *La Región* do día da data, no que se di que Ourense comeza 2016 coas taxas de paro máis altas de Galicia, e isto é o que realmente debería preocupar ao Grupo Popular, que leva gobernando a provincia dende hai moitísimo tempo, e non vir a reprobar ao portavoz da oposición, que é unha cousa inaudita. Aínda así, amosa o seu respecto pola deputada provincial que asina en solitario esta moción, e di que ela mesma se sorprendera o outro día de que os seus compañeiros non asinaran tamén esta moción, adiantando que cando fale dos seus compañeiros de grupo distinguirá a os uns dos outros, en referencia a eses catro compañeiros magníficos que ten que se dedican a dar roldas de prensa en contra da labor da oposición. Reitera o seu respecto pola Sra. Lama, respecto que en troques a deputada non manifestou cara a el, á vista do contido da súa intervención. Pero, sen prexuízo dese respecto, vai desmontar as falsidades – mentiras ou verdades a medias – en que se basea

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

esta moción. A primeira mentira é de que el teña ou tivese algunha causa xudicial aberta como deputado ou alcalde, e quen diga o contrario terá que responder onde proceda. Di que o feito de que o concello de Ribadavia sexa parte nun proceso xudicial laboral non significa que el teña unha causa xudicial aberta, e para isto basta con ler as correspondentes sentenzas, para o que se require capacidade de lectura comprensiva, non sendo culpa súa que algún deputado ou deputada careza dela. Di que aquí o que ten unha causa xudicial aberta é o responsable desta ocorrencia, o Sr. Presidente, asunto sobre o que máis adiante dirá algunha causa. A segunda mentira na que se basea a moción é a referente ao tema do Pleno de Ramirás no mes de marzo, e di que con respecto a ese tema el o único que quixo explicar é que os plenos nos concellos do rural non poden ser polas mañás, afirmación que reitera (e ao fío da que di que non lle importa ser reprobado polo Grupo Popular, porque o que o PP fai no rural cos concelleiros socialistas, como resultado do modo de entender a política de Baltar e compañía, é moito peor que o que lle poden facer a el na Deputación, e se el ten que exemplificar esa situación os seus compañeiros o que estarán é orgullosos del, porque o PP non é ningún exemplo de democracia e o PSOE si, e ademais el non ten ningún medo de vir aquí e dar a cara – porque non ten nada de qué avergoñarse verbo do seu modo de entender a política e de practicala durante case trece anos - cousa que por certo o Sr. Presidente e o Grupo Popular non fixeron cando o reprobaron a el). Volvendo ao tema de Ramirás, di que a deputada do seu grupo, Sra. Gil Álvarez, leva pedindo neste concello dende outubro que se atrase ou cambie a hora de realización do pleno municipal, cousa que le denegan sistematicamente, e polo tanto é mentira o que di o Grupo Popular. Sobre as respostas do Sr. Presidente ao grupo, reitérase que no que dixo: o Sr. Presidente non resposta ás preguntas que fai a oposición, e leva instalado no silencio moitos meses, por culpa da súa situación, segundo el persoal e que para nada é persoal, e esa é a realidade. Di que de pouco vale que o Sr. Presidente conteste por escrito, porque o berce da democracia está neste plenario, que é onde se deben responder as preguntas, e de pouco vale que lles responda por escrito se ao resto dos grupos e aos cidadáns non se lles da esa resposta. Polo tanto, esas son as tres mentiras nas que o Grupo Popular se basea para reprobalos, algo que, en todo caso, é unha honra para el. Pero a súa intervención ten outra finalidade ademais de desmontar as mentiras nas que se basea a moción, porque como xa avanzou hai que distinguir dentro do Grupo Popular aos deputados que na súa maioría

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

levan moito tempo na política e nesta deputación e saben de que vai isto, polos que sinte un absoluto respecto, porque sabe o que pensan en como actúan aínda que voten a favor desta moción por unha cuestión de disciplina interna. Pero logo están ese catro magníficos, por chamarlles dalgún xeito, dos que tres foron a dar unha rolda de prensa mentres o principal, que é o Sr. Presidente, foi o autor da ocorrencia, e a eses catro magníficos se vai referir de seguido. Con respecto á Sra. Lama Novoa, dille en primeiro lugar que refaga os seus cálculos sobre que so asiste seis horas á Deputación, porque hai plenos que xa duran seis horas, e iso sen contar as comisións, o que revela outra mentira máis do seu discurso. En segundo lugar, di que como concelleira de persoal no concello de Xinzo custáballe ás arcas públicas 1776,30 euros mensuais (bastante máis do que cobraba el como concelleiro de persoal en Ribadavia) e que nese concello o Sr. Alcalde ten catro causas xudiciais abertas por culpa de que houbo contratos de persoal que non se axustaban a Dereito, no mellor dos casos, o que a desautoriza para falar de temas xudiciais; por el contrario, no concello de Ribadavia e ao longo de máis de trece anos, non sucedeu iso, e recentemente a propia Subdelegación de Goberno afirmou que facían as contratacións perfectamente, cousa da que a Sra. Lama, como concelleira de persoal en Xinzo, non pode presumir, porque estivo catro anos e tivo que deixalo polos problemas na que a metía o seu alcalde, co que queda desacreditada para dar leccións neste asunto e o que dixo resulta irrelevante politicamente. Con respecto ao deputado don Pablo Pérez, outro dos que foi dar a rolda de prensa, as súas competencias nesta deputación son moitas, e a súa incompetencia tamén é moita, e isto non é so unha opinión persoal súa, porque o demostran os feitos e algún compañeiro de partido do Sr. Pérez tamén o pensa así, e isto é o preocupante, porque o Sr. Pérez está aquí para gobernar e facer algo útil por esta provincia, e o seu labor non é dar roldas de prensa contra o portavoz da oposición. Di que o Sr. Pérez ten algo que ver co Sr. Presidente, porque ao igual que el, tamén se dedicou a ser “herdeiro de...”, porque o seu pai é alcalde, como é sabido; pero ademais de todo isto, o Sr. Pérez ten saído nos medios por cousas que a que expón a continuación, e da lectura a unha noticia de prensa na que se afirma que a Mancomunidade de Celanova da traballo a dezaseis familiares de cargos do PP, entre os que están, sen que o Sr. Pérez desmentise esta noticia, o propio Pablo Pérez, a súa parella, o seu irmán José Manuel, a curmá da súa nai, a muller dunha curmá do seu pai e a filla dunha curmá. Di que unha noticia como esta non a vai atopar nunca referida a Ignacio Gómez, e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

esta noticia o deixa desacreditado neste debate. Di que a continuación vai falar do segundo de a bordo, don Jorge Pumar, o grande ideólogo xunto co primeiro, que é o Sr. Presidente. Di que tamén a entrada en política do Sr. Pumar veu precedida pola aprobación dunha oposición como persoal laboral fixo no concello de Coles, e gustaríalle saber cales foron os seus méritos e os integrantes do tribunal naquel momento. E hai cousas publicadas sobre el que son moi interesante, e da lectura a unha noticia na que se afirma que “*Baltar dio 300.000 euros para una asociación sin actividad*”, e que o Sr. Pumar afirmou ter documentación que contradí esa información, documentación que non sabe se presentou, porque se está a falar de cartos públicos que ían a unha entidade pantasma, un *cazasubvencións*, que é como se chama a estas cousas. Anuncia que o seu grupo vai investigar ese asunto, e se o Sr. Pumar presentou esa documentación, porque xa que estamos a reprobado o que non hai que reprobado, imos a investigar o que hai que investigar, que é si o Sr. Pumar puido cometer algún delito, que iso é algo que nos ten que preocupar como oposición. E esta é a realidade das mentira nas que se basea a moción e dos seus autores. Pero logo hai un autor clave desta *senrazón*, que é o Sr. Presidente. O Sr. Gómez Pérez procede a continuación a reproducir nunha *tablet* un fragmento da gravación dunha suposta conversa entre o Presidente e unha muller relativa a unha promesa dun posto de traballo na Deputación, gravación que ten sido reproducida nalgún medio de comunicación e figura nos autos das dilixencias previas que se están a instruír nestes momentos nun xulgado da capital e nas que o Sr. Presidente figura como investigado. Continúa o Sr. Gómez coa súa intervención, dicindo que o señor que supostamente fala nestas gravacións é o Sr. Presidente, e que estas cousas facíanse aquí, no despacho de Presidencia, e hai que ter unha pésima catadura moral para vir agora a reprobado a un deputado como el, que é un político limpo e honrado, que pode ter cometido erros ou ser moi vehemente ás veces nas súas intervencións (aínda que cre que a realidade é que é respectuoso de máis tendo en cousa as cousas que acontecen na deputación) e polo tanto hai que ter moita cara dura para vir aquí escoitando o que se acaba de reproducir, e que aínda non se desacreditou en ningunha parte, e lembra que cando este asunto saíu á luz, el como portavoz do Grupo Socialista o primeiro que fixo foi solicitar unha reunión da Xunta de Portavoces, para que o propio Presidente puidese dar a súa versión dos feitos, no que considera foi un exercicio de responsabilidade institucional pola súa parte; pero como o Sr. Presidente considera que está

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

por encima de todos os demais, ten a pouca vergoña de vir aquí a facer a tódolos deputados do Grupo Popular partícipes desta moción, na que só deberían participar os seus lugartenentes, porque é evidente que lle deben todo e sen o Sr. Presidente non serían nada en política. Pero todos os demais deputados e deputadas do Grupo Popular que levan tempo en política teñen que estar avergoñados de escoitar estas cousas que se acaban de reproducir, que dende logo avergoñan a todo o mundo. Engade que hoxe o xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación acaba de ser citado polo xulgado en calidade de investigado por este mesmo asunto, que con isto se demostra que non é un tema persoal, como pretende o Sr. Presidente, xa que está implicando en asuntos xudiciais moi graves a un funcionario e, en definitiva, a esta institución. Di que a el se lle acusa de mentirán na moción, pero quen minte sistematicamente é o Sr. Presidente, que é unha vergoña para esta provincia, e engade que está convencido de que no grupo popular hai moitos deputados e deputadas que poderían facer unha magnífica labor se presidisen a deputación e que, aínda que estivesen nas antípodas do que pensa o Grupo Socialista, non serían unha vergoña e un lastre para esta provincia como o é o Sr. Baltar. Di que o Sr. Presidente elaborou un Código Ético ao que o Grupo Socialista se opuxo no seu día porque sabían que non ía servir para nada, como se está demostrando, e o propio Comité de Ética previsto nese Código está sen constituír porque dimitiron todos os seus membros, porque non eran quen de amparar a conduta do Sr. Presidente. Pide que o Comité de Ética se constituía canto antes, porque o Sr. Gómez Pérez quere ir voluntariamente a declarar ante ese Comité, pero quere ir co Sr. Presidente e que declare el tamén, e a ver a quen reprobán entón, porque o Sr. Presidente é quen ten que dimitir, porque avergoña ao Grupo Popular e a esta provincia, e esa é a realidade, por moito que a señora deputada dona Montserrat Lama, pola que reitera o seu respecto, veña hoxe aquí a facer o *papelón* que lle tocou. Di que sabe que será reprobado, porque o Grupo Popular ten a maioría, aínda que iso non lle importa, e asegura que seguirá aquí facendo o seu traballo. O que non cre que acabe aquí este mandato é o Sr. Presidente, por sorte para todos. Lembra que foi reprobado, e que entón se agochou, pero esa reprobación ten que ser efectiva e o Sr. Presidente ten que dimitir. Di que o que ten claro é que se el estivese implicado nunha causa xudicial como o Sr. Presidente, se tivese relación con persoas como Mario Conde, que volve a estar onde está nestes momentos, na cadea; se tivera relacións con Ausbanc, tema sobre o teñen formulada unha pregunta; se tivera

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

relacións cunha fundación como a Advanced Leadership, que se dedica a cazar subvencións, asunto do que se falou no pleno anterior, ou unha espada de Damocles enriba como o tema das depuradoras, que veremos en qué acaba todo iso ... se el tivese todo iso, poden ter por seguro que non faría falla que o reprobasen, porque iría para a súa casa por propia vontade, porque, o reitera, el é un político limpo e honrado. O que ten que dimitir, o que ten que ir para a súa casa, é o Sr. Presidente.

Dona Montserrat Lama Nóvoa resposta en primeiro lugar ao Sr. Rodríguez Suárez, que di que veñen a reprobar ao Sr. Gómez Pérez por facer o seu traballo de oposición, e admite que si, que o Sr. Gómez Pérez fai o seu labor de oposición, pero iso non significa que teña que facelo como o ven facendo, é dicir, mentindo, faltando ao respecto e con constantes faltas de educación. Polo tanto, o que a posición do Sr. Rodríguez Suárez significa é que el apoia as mentiras. Con respecto á afirmación do voceiro do BNG en canto a que a maioría dos deputados do Grupo Popular non apoian esta moción, convídao a que lles pregunte persoalmente a cada un, porque o Grupo Popular é un equipo, non como o Sr. Rodríguez Suárez, que ten buscar apoios noutros grupos para formar equipo porque el está só no seu grupo, en referencia ao carácter unipersoal do Grupo do BNG, grupo que di que acabará desaparecendo da deputación, polo que lle di que non veña aquí a dar leccións sobre funcionamento en equipo, porque el nin sequera ten equipo. Di que o Sr. Rodríguez dixo tamén que esta moción trata un asunto que non é un problema para os veciños, e pregúntase se para o Sr. Rodríguez o feito de que un deputado minta sistematicamente non é un problema para os veciños, cousa que non cre, porque non cre que ningún veciño queira un representante mentirán. Referíndose agora ao representante do Grupo de DO, Sr. Ojea Bouzo, pídelle que non lle veña a falar aquí de estilo despois do paripé que montou o seu grupo no último pleno do Concello de Ourense, porque a educación e o respecto institucional debe estar por encima de calquera cor política, e DO demostrou nese pleno que non respecta ese valores, polo que non admite que ese grupo pretenda darlle leccións de estilo político. Con respecto ao Sr. Gómez Pérez, do Grupo Socialista, dille que hoxe acaba de facer algo que a ela non lle gusta, porque se meteu no terreo persoal, incluso con ela. Pídelle que en primeiro lugar se informe ben, a través da deputada dona Elvira Lama, do que ela cobraba como concelleira de persoal en Xinzo, que eran 1790 euros brutos, 1180 euros limpos ao mes, e acudía ao seu traballo todos os días das 8 ás 14.30 horas, mentres o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Sr. Gómez cobra 2400 euros limpos por vir ningún día. Pídelle ademais que retire a afirmación de que ela meteu en líos ao Sr. Alcalde de Xinzo, información que seguramente lle deu tamén a Sra. Lama Fernández, que tampouco se enteira de nada. Di que ela non lle debe nada a ninguén, e se está aquí é por méritos propios. Di que ela preguntoulle ao Sr. Gómez Pérez se el e o seu concello estiveran incursos nalgún proceso xudicial na súa traxectoria política, e o Sr. Gómez Pérez dixo que non, e polo tanto mentiu, e non se pode desmontar unha mentira con outra mentira. Con respecto ao tema de Ramirás, di que hai que ter seriedade, porque cando se tomou na Deputación o acordo de que o pleno se realizase ese mes nun xoves, ese cambio de data adoptouse un mes antes en pleno, e levouse previamente a comisión informativa, e pregúntase por qué a Sra. Gil Álvarez non dixo nada entón, porque se o tivera dito non habería ningún problema en poñer a data do pleno para o mércores no canto do xoves, e pregúntase se o problema era vir ao pleno a montar un espectáculo. Dille ao Sr. Gómez Pérez que pode durmir tranquilo, pero que cada vez que abre a boca retrátase, e que acabará tendo problemas. Di que se ao Sr. Gómez o tivesen que votar os concelleiros e concelleiras socialistas desta provincia para ser portavoz nesta deputación está segura de que non o votarían ou tería moi poucos votos. Un conxunto de concelleiros, os socialistas, entre os que non hai ningún do concello de Ourense por primeira vez na historia, o Sr. Gómez saberá o porqué, e que se avergoñan cada vez que o Sr. Gómez toma a palabra, sobre todo porque o Sr. Gómez carece das principais virtudes que pode ter unha persoa, que son a educación e a humildade, igual que descoñece o valor da verdade. Está segura de que non fará nada ante esta reprobación, e este é o seu estilo, apuntando que lle parece lamentable que os outros grupos da oposición o apoiem. Remata dicindo que o estilo do Sr. Gómez non só prexudica a Ribadavia, senón a toda a provincia, dende o momento en que el é o voceiro do PSdG- PSOE nesta institución, e négase a crer que ese partido aposte pola necedad, a demagogia, o insulto e a ameaza.

Don Ramiro Rodríguez Suárez di que o que leva acontecido na hora larga de debate que levamos é a proba evidente do que dixo na súa primeira intervención, e que algúns deputados do Grupo Popular tiveron xa tempo suficiente de lamentar que se trouxese esta moción a debate. Di que no debate suscitáronse cuestións por parte dos grupos da oposición sobre asuntos moi graves ás que non se deu resposta e que quedarán no aire, como sucede sempre. Dille á Sra. Lama Novoa que efectivamente el está só no seu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

grupo, pero que non dubide que ten detrás a un equipo, porque senón non lle sería posible traer a pleno mocións construtivas como as que traen nesta sesión, entre outras cousas porque non dispón de dedicación exclusiva, e ten que traballar e sacar tempo de onde pode para atender as súas responsabilidades como deputado. Con respecto ao tema dos líos de persoal no concello de Xinzo, ten que darlle a razón á Sra. Lama en canto a que ela non meteu en líos ao Sr. Alcalde de Xinzo, senón que foi el o que se meteu neses líos, e por iso ten abertas unha ducia de procesos por temas de contratacións, e en Xinzo asistíuse no pasado mandato a un feito inédito, co Sr. Alcalde requisándolle o ordenador ao Sr. Secretario, o Sr. Secretario denunciando ao Sr. Alcalde, o Sr. Alcalde denunciando ao Sr. Secretario e o Sr. Secretario e a Sra. Adxunta a Secretaría presentando a súa renuncia ao posto, algo absolutamente grave sobre o que tampouco se deron as explicacións oportunas; por certo, un alcalde que tamén presentou en Xinzo unha iniciativa para reprobar a un concelleiro da oposición, neste caso á Sra. Lama, que xa é pioneira en padecer este tipo de moción, e non sabe se van estender este modelo a tódolos concellos da provincia e ir reprobando aos concelleiros da oposición en tódolos concellos cando din cousas que non gustan ao PP. Remata dicindo que aínda que o debate puxo de manifesto a inutilidade desta moción, tal como xa avanzara na súa primeira intervención, en todo caso convida ao Grupo Popular, se queren que se cumpra o acordado neste tipo de mocións e actuar cun mínimo de coherencia, a que esixan a dimisión do Sr. Presidente, lembrando que tamén el foi reprobado polo Pleno, e por unanimidade, e están esperando que se faga efectiva esa dimisión.

Don Armando Ojea Bouzo responde á Sra. Lama Nóvoa que en ningún momento pretendeu sentar cátedra en canto a estilos de facer política, que se limitou a dicir que había diferentes estilos de facer política, e non só os hai, senón que os ten que haber, porque o que os representantes políticos nas institucións dalgún xeito teñen que xestionar o caos, dado que se moven nun ámbito onde se crean as normas, e non onde só se executan, polo que ten haber diferente estilos e sensibilidades para que da interacción entre eles saia algo útil para a sociedade, o que non sucedería de estarmos ante institucións dunha soa cor onde so existise un xeito de ve-las cousas. Insiste en que non pretende sentar cátedra do seu estilo, senón facer ver o contrario, a necesaria pluralidade de estilos, en tanto que interpreta da intervención da Sra. Lama que ela pretende xustamente o contrario, facer ver que o seu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

estilo é o correcto e a partir de aí criticar o estilo do portavoz do Grupo Socialista por non axustarse a ese modelo. Reitera tamén que o xeito de proceder do dito portavoz axústase ao seu estilo peculiar e non existe dende o seu punto de vista motivo para a súa reprobación. Con respecto ás supostas mentiras do Sr. Gómez, di que ao seu grupo non lle constan, e que a Sra. Lama Nóvoa tratou de insinuar que o que se minta nunha determinada situación xa implica que se minta en todas, pero ao Grupo de DO o único que lle preocupa é a actitude do deputado socialista no que incumba á institución provincial, e cómo se comporte noutros ámbitos da súa vida ou noutras institucións como o concello de Ribadavia non lles interesa, porque se houbese que xulgar a súa conduta noutros ámbitos (por exemplo, se enganase á súa dona, se é que está casado, que nin o sabe) e iso xa fose motivo de reprobación, ao mellor había máis deputados que tiñan que ser reprobados. Polo exposto, anuncia o seu voto en contra da moción, e advirte que os plenos están gravados e a disposición de todo o mundo en Internet, e que os cidadáns poderán ver e xulgar quen ten razón, e que ao mellor esta reprobación ten un custe electoral que sexa visible en datas próximas.

Don José Ignacio Gómez Pérez dille á Sra. Lama Nóvoa que non sabe se ten algunha virtude, pero dende logo prudencia ten pouca. Fai unha proposta para que se substitúa o arco detector de metais que hai na entrada do Pazo Provincial por un detector de mentiras, manifestando que el está disposto a pasar por ese detector todos os días pero que cre que en canto pasen por el os deputados do Grupo Popular, o cacharro romperá en dous minutos. Di que non vai retirar nada do que dixo, e que a Sra. Lama Nóvoa era concelleira de persoal en Xinzo de Limia, e o 23 de febreiro de 2016 sae nos medios unha noticia na que se fala da suspensión da súa declaración nunhas dilixencias previas abertas contra o alcalde de Xinzo por temas de contratacións, e pregúntalle tamén se é mentira que mentres ela era concelleira de persoal en Xinzo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulara a relación de postos de traballo e as bases de contratación de persoal por violar a liberdade sindical, e se non era ela tamén a concelleira de persoal cando un xulgado do contencioso tumbou os nomeamentos como funcionarios da parella do señor alcalde e da filla dun antigo cargo do PP. El non ter que retirar nada, é ela que ten que retirar o de que o portavoz do Grupo Socialista está incurso nun proceso xudicial, e a que vai ter problemas se non o fai será ela. Amósalle, en contraste coas noticias as que fixo mención relativas á xestión de persoal no concello de Xinzo, outras relativas á xestión de persoal no Concello de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Ribadavia, nas que se afirma que o Goberno avala a legalidade das contratacións de persoal temporal nese concello ou que as súas bolsas de contratación son modélicas. Diríxese á Sra. Interventora porque á vista do manifestado pola Sra. Lama Nóvoa sobre o seu soldo é posible que a Deputación se estea a quedar con parte dos cartos que lle corresponden, porque afirmou que cobraba 2.400 euros líquidos, e a realidade é que cobra 2.147, polo que vai pedir unha certificación á Sra. Interventora. Di que a deputada do Grupo Popular cualificou a súa actitude de “necidade”, o que é un insulto, e comenta que esta palabra ten varias acepcións, e a última delas – que significa obstinación – resúltalle acaída, e teñan por seguro que seguirá a teimar no seu labor de oposición, aínda que só veña seis horas como di a deputada, e non lle di nada se chega a vir máis. Di que a el o elixiron os concelleiros do PSOE da súa comarca (e, por certo, leva xa tres mandatos sendo elixido) e que en cambio á señora deputada elixiuna o Sr. Presidente, vía twitter, cando os demais concelleiros nin o sabían. Di que os méritos en política hai que gañalos doutro xeito para os compañeiros te voten, non porque o decida así o Sr. Presidente, e advirte á señora deputada de que o día que caia o Sr. Presidente veremos quen máis cae aquí. Dille tamén que ao mellor ela non o sabe, pero un dos chicos da chaqueta azul (se refire a un grupo de deputados do PP que poñen chaqueta azul para ir visitar as obras) díxolle en confianza – e non vai revelar quen foi – que a ver que dicía no Pleno no debate nesta moción, e que en todo caso el non asinara esta moción, co que xa ve a señora deputada que grao de lealdade hai entre os deputados do Grupo Popular: ningunha, porque o que pretenden os da nova *hornada* do PP é estar aí pisando a quen sexa. Pero o máis grave deste asunto é que para rebater o que el dixo na súa anterior intervención a señora deputada non chegou a dicir nada do que el dixo: nin se falou dos problemas xudiciais do Sr. Presidente, nin dos 300.000 euros que se van dar a unha fundación, ese tipo de cousas que son moi graves, e son as que nos teñen que preocupar a todos, e cre que os que están a ver este debate vía internet ou pola televisión do Sr. Jácome, aínda que sexan do PP, teñen que estar avergoñados, porque no PP hai xente que se preocupa polas cousas importantes, e el o ten dito, xente como o Sr. Álvarez Dobaño, o Sr. Fernández Fernández ou o Sr. Doval, que están nos antípodas do que el pensa pero cuxo traballo non vai desacreditar nunca, e se os elixen os cidadáns será por algo. Ao fío disto, lembra tamén que a el non o elixiron só os seus compañeiros de partido, senón tamén os veciños, e levan facéndoo trece anos, e algún deputado do Grupo Popular ao mellor nin

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

sabe o que é iso, porque se están aquí e porque o seu papá os colocou nas listas ou porque o seu papá primeiro foi nas listas do PSOE e como non lle daban o que quería pasou ao PP, como acontece con algún dos que se dedican aquí a dar clases de moral e de ética. Pero o que lle rompe os esquemas é que non se rebata con argumentos o que antes dixo, que é o máis grave: en qué situación procesual está o Sr. Presidente por ese asunto que el di que é persoal, cousa que non é tan estraña, porque para o Sr. Presidente todo é persoal: é persoal a forma de herdar a presidencia desta institución, é persoal a forma de gañar o congreso do PP (no que di que meteu ao seu pai nun problema que acabou por facelo saír desta institución e acabar nun xulgado condenado por un delito) e é persoal as cuestión que xorden sobre si se ofreceu traballo a cambio de sexo a unha persoa que veu a pedilo por necesidade e que por certo era traballadora desta casa ... Pero é que esta casa non é do Sr. Presidente, e polo tanto o persoal aquí témolo que deixar fóra, porque ao que hai que vir aquí é a resolver os problemas dos cidadáns, porque a política consiste en xestionar os recursos públicos, e o que fai o Sr. Presidente e xestionar eses recursos para aproveitarse e levalo ao ámbito privado, e non acabarían nunca de contar as cousas que se teñen feito. Reitera que o Sr. Presidente non foi quen nestes meses de dar a cara en ningún sitio, e se agocha tra - los seus lugartenentes para levar a cabo ocorrencias como esta. Volve a preguntarlle ao Sr. Presidente polas súas relacións con persoas que delinquen, ou por qué chaman agora como investigado ao xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación. E logo se enfadan e pretenden reprobar ao portavoz da oposición, como se fose el o que se inventa estas cousas que pasan, como se fose el o que crease o problema coas depuradoras do programa Daredo ou o feito de que esta Deputación fose condenada polo enchufe masivo de persoas, e iso o dixo un xuíz, non o dixeron eles, que se limitaron a denunciálo. Esta é a *sinrazón* na que tiñan que acabar algúns do Grupo Popular, que pode que estean non seus derradeiros días, e están a ser cómplices se apoian todo isto, actuando como *advenedizos* dunha persoa que non ten nin catadura moral, nin catadura política, nin sequera debería ter o poder que ten, porque hai moita xente do PP que o rexeita publicamente, e só hai que pasear pola rúa ou polos *pasillos* desta casa para decatarse disto, porque se contase o que pensan a maioría dos funcionarios e traballadores desta casa do Sr. Presidente que está de viaxe un día si e outro non por non dar a cara e resolver os problemas desta provincia, algún quedaría abraiado. Dille ao Sr. Presidente que por moito que tente mercar a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

concelleiros do PSdG – PSOE hai moitos que non teñen prezo, entre os que se inclúe, e por moito que tente amedrentar á oposición nesta deputación, por moito que lle diga que vai levar aos xulgados, que aínda está a esperar que lle chegue algunha citación algún día, por moito que o queiran reprobar a el, o que ten que dimitir dende hai tempo é o Sr. Presidente, e poden ter por seguro que el seguirá a facer o seu traballo como portavoz do seu grupo, e asegura que el durará no seu cargo máis que o Sr. Presidente no seu, porque Núñez Feijoo o vai deixar caer, porque só é un estorbo para o PP e para esta provincia, aparte dun estorbo, é un presidente que sistematicamente fai cousas contrarias ao que debe facer un bo xestor e un bo político, poñendo a esta provincia en cuestión e sendo a vergoña nacional en tódolos ámbitos. Polo tanto, e agás causa de forza maior, poden ter por seguro que lle van seguir vendo a cara e escoitándolle, con educación si pero con cousas que ao PP non lle gusta, e en todo caso facendo o seu traballo. Remata dicindo que se confirma a noticia da citación en calidade de investigado do xefe do Servizo de RR.HH. da Deputación, algo lamentable que sucede por culpa dun señor que se aferra á cadeira, algo que non pode suceder nunha institución seria na que se faga política con maiúsculas, e polo tanto volve a pedir, por moito que reprobem, que se teñen un mínimo de dignidade política os deputados do Grupo popular, lle pidan ao Sr. Presidente que ao rematar esta sesión vaia para a súa casa.

Dona Montserrat Lama Nóvoa di que quería aproveitar a súa quenda de peche para agradecer a presenza do público asistente, no que hai moita xente nova, e en especial quere facer mención aos alumnos de segundo curso do grao de Dereito do campus de Ourense. Dirixíndose ao Sr. Rodríguez Suárez, dille que xa sabe que non ten dedicación exclusiva, pero di que entre as asistencias ao concello de Xinzo e as da Deputación debe cobrar sobre uns 1.300 ou 1.400 euros mensuais, dependendo do mes, e non será dedicación exclusiva pero cobrar cobra, e hai xente que non chega a ese soldo ao mes; e é certo que ten un equipo detrás, pero o ten grazas á distribución equitativa dos fondos dos grupos que fai a Deputación Provincial, porque senón non podería dispoñer dese equipo, e polo tanto non funcionan tan mal como pinta o seu discurso. Agradécelle que lle dea a razón no de Xinzo, porque isto vai ir máis lonxe do que pensa Sr. Gómez. En resposta ao Sr. Ojea Bouzo, dille que está de acordo en que debe haber pluralidade de estilos e ideoloxías, e que ela respecta todas as ideoloxías e ten amigos persoais con todas as ideas posibles, pero eses diferentes estilos son posibles observando en todo caso o necesario respecto e educación, e non se

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

pode admitir un estilo que utiliza a mentira, a mala educación, berrar, descualificar ... e iso é o que fai o Sr. Gómez, como recollen as vídeo – actas, e xa non sabe se é que asisten ás mesmas sesións plenarias. Dille ademais que as mentiras do Sr. Gómez son mentiras expresadas neste pleno e que constan nas vídeo – actas. En alusión ao Sr. Gómez, dille que no que respecta ao que dixo sobre a súa actuación como concelleira de persoal en Xinzo veranse as caras, pero noutro sitio, e que non o vai rebater aquí porque á xente que está aquí non lle interesa este tema, pero ao Sr. Gómez si lle vai interesar, por estar moi mal informado. Di que o Sr. Gómez ven aquí a darlle leccións a todo o mundo, e que só está ven o que di el e que o que di o PP sempre está mal, e lle di a ela que non ten prudencia, cando se non a tivese hoxe tería saído neste debate de todo, pero ela é unha persoa prudente e educada e leva as cousas onde as ten que levar. Dille que se ten algo que dicir sobre ela que o diga no xulgado, e que non veña aquí a facer un paripé e a contar mentiras, porque xa está ben e non llo vai permitir. Cre que quedou máis que acreditado que o Sr. Gómez mentiu e volveu a mentir para tratar de demostrar que non mentiu, ou sexa, mentira tras mentira, polo que agora xa pode dicir que o Sr. Gómez minte de xeito reiterado e é un maleducado e un irrespectuoso institucionalmente falando.

Cando o **Sr. Presidente** vai someter o asunto a votación, o **Sr. Gómez Pérez** pide a palabra para formular unha cuestión de orde.

O **Sr. Presidente** pregúntalle cal é o desorde que motiva esa cuestión.

O **Sr. Gómez Pérez** di que é unha cuestión de orde sobre a votación que a lexislación de réxime local lle permite formular. Di que a Lei 11/1999, de 21 de abril, incrementou as atribucións do presidente para fortalecer as funcións de control dos órganos de goberno, engadindo no artigo 46.2 da Lei de Bases do Réxime Local un apartado onde se di que nos plenos a parte dedicada ao control dos órganos de goberno deberá presentar substantividade propia e diferenciada da parte resolutiva, debéndose garantir de forma efectiva no seu funcionamento e no seu caso na súa regulación a participación de todos os grupos municipais (ou provinciais, no noso caso) na formulación de rogos, preguntas e mocións. Di que o control previsto é do equipo de goberno, nunca da oposición, e a vontade do lexislador é que o pleno sexa o máximo órgano de debate e control do executivo, é dicir, do presidente e as persoas que teñen facultades executivas ou resolutorias, ben por atribución legal, ben por delegación. En canto ao procedemento, di que o pleno ten que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

presentar dúas partes, unha resolutoria e outra de control e fiscalización, e por isto as proposicións que se tramitan nas comisións informativas deixan de se – lo e se converten en ditame, polo que non forman parte do aparato de control. Por outra banda, no pleno o apartado de control e fiscalización ten que facerse aos órganos de goberno, nunca aos grupos que realizan a función de oposición. Por isto, considera que estamos ante unha moción ilegal, que non se axusta a Dereito, un exceso que carece de cobertura legal e só pretende limitar a función constitucional que lle corresponde realizar aos grupos da oposición. Non obstante, di que non tivo inconveniente en someterse ao debate e rebater cada unha das mentiras nas que se sustentaba a moción. Pero, ante o carácter inaudito e insólito desta moción que non é acorde cun Estado democrático de Dereito e non se axusta á legalidade, e que pretende unicamente amedrentar e coartar a liberdade do voceiro do principal grupo da oposición, amparándose na maioría de que goza o Grupo Popular e utilizando de forma *torticera* ao pleno desta institución, en beneficio particular, o que supón un novo comportamento de covardía política por parte do equipo de goberno, por todo isto, solicita – a agora entregará copia ao Sr. Secretario desta cuestión de orde – que por parte do secretario se proceda a informar sobre a legalidade da moción presentada, e si se axusta á normativa de réxime local, e si se pode votar a referida proposta de reprobación a un deputado que non ten responsabilidades de goberno, así como as posibles responsabilidades dos deputados e deputadas que voten a prol desta moción, xa que con esta o que se pretende é menoscabar os dereitos e liberdades dun deputado que exerce o labor de control e fiscalización do grupo de goberno dende a oposición (e di que os alumnos de Dereito poden ir tomando nota do que acontece); pide tamén que no suposto de que a votación se leve a cabo, se realice por votación nominal, ao abeiro do artigo 102.2 do ROF, dado que o acordo a adoptar afecta ao seu dereito ao honra e á propia imaxe, e todo isto co obxecto de exercitar posibles accións legais contra os deputados e deputadas que voten a prol da referida moción, porque non so se fixeron alusións a el como portavoz do seu grupo, senón tamén como alcalde de Ribadavia, cousa que non é cuestión que deba ser obxecto de debate neste plenario, e se fixeron afirmacións relacionadas co exercicio do seu cargo de alcalde que non teñen nada que ver con esta Deputación, e polo tanto pide que se non se adopta o sistema de voto nominal, que se recolla en acta, e advirte que tomará todas as medidas legais oportunas contra todos aqueles que están a vulnerar dereitos e liberdades

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

fundamentais dos deputados aquí presentes.

O **Sr. Presidente** pregúntalle se quere engadir algo máis, respondendo o Sr. Gómez que non, tras facer entrega do seu escrito ao **Sr. Secretario**, ao que a Presidencia cede a palabra.

O **Sr. Secretario** di que comezará pola segunda cuestión, que é a máis sinxela, é dicir, a determinación do sistema de votación, explicando que a votación nominal debe ser acordada por maioría simple polo propio pleno en votación ordinaria cando o solicite algún grupo, solicitude que entende se acaba de formular e ademais de xeito motivado. Por conseguinte, informa de que, previamente á votación do asunto, debe someterse a votación a solicitude de emprego do sistema de votación nominal, explicando brevemente as diferentes modalidades de votación existentes. Con respecto á segunda cuestión, isto é, a legalidade da moción presentada, di que o feito de que a moción non constituía un acto de control do goberno e non teña encaixe nos mecanismos de fiscalización previstos non significa, na súa opinión, que sexa un acordo que non se pode adoptar. Entende que a función do pleno, como órgano político, comprende un campo aberto para a adopción de acordos aínda que non estean legalmente previstos, e ao abeiro desta interpretación, e cunha frecuencia cada vez maior dende hai moito tempo, os plenos de tódalas corporacións locais debaten e adoptan acordos sobre materias completamente alleas á súa competencia, como cuestións de política xeral, e poden adoptar acordos que, máis aló da valoración que no fondo merezan a cada un, consistan en meras tomas de posición de carácter político. Entende que iso entra dentro da liberdade de acción política propia deste órgano, nunha concepción pouco intervencionista da regulación da corporación, nunha interpretación que se afasta da tradicional concepción do pleno como mera corporación con funcións administrativas e asume o seu concepto como órgano político dotado de autonomía, e dende esta concepción entende que nada se opón a que este acordo se poida debater e votar. Cuestión diferente son os seus efectos xurídicos: ningún, absolutamente ningún, é simplemente a manifestación dunha opinión política dun órgano da Corporación, porque esta figura da reprobación, como outras figuras semellantes, tales como a declaración dunha persoa como *non grata* como se ten visto nalgún concello ultimamente, non están contempladas na lexislación, e carecen por isto de efecto xurídico algún, limitándose á expresión dun desexo político ou dunha opinión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

O contido íntegro das intervencións transcritas nesta acta se recolle no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

O Sr. presidente somete a votación a solicitude de votación nominal, formulada polo portavoz do Grupo Socialista, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Popular e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1- Esixir a dimisión como deputado de Ignacio Gómez Pérez por utilizar a mentira permanente nesta cámara política.
- 2- Reprobar ao deputado Gómez Pérez polo seu labor, actitude e formas indignas da representación política que ostenta.
- 3- Dar conta deste acordo ao Concello de Ribadavia, aos grupos políticos desa corporación, e ás entidades culturais, sociais e económicas nese termo municipal.

3º.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA RPT DE 2016.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, intervéñ para dicir que, en coherencia co xa manifestado cando se debateu a RPT no pleno dos orzamentos, votará en contra polas razóns xa entón expostas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, anuncia a súa abstención neste punto.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o seu voto en contra, e xa explicaron o porqué na comisión, e di que chama a atención que na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

RPT se pon de manifesto unha reclamación duns traballadores desta casa onde se alega que hai un uso maior dos vehículos oficiais desta casa e por parte do goberno vense a dicir que teñen razón pero que é porque hai un maior número de cargos públicos, eses da chaquetiña azul que se dedican a andar de paseo por aí (e dille ao deputado Sr. Doval Soto, que move a cabeza nun xesto de desaprobación, que se tranquilice, que el acaba de escoitar de todo e que despois do que acaba de oír dicir o da chaquetiña azul non é para tanto, e ademais incluso falou ben do Sr. Doval na súa anterior intervención). Parécelle ben que se utilicen os coches oficiais sempre que sexa para ben, e pide que si se van a ver as estradas se aproveite para arranxar os noiros e as fochancas que teñen, porque están nun estado lamentable, como xa ten denunciado en multitude de ocasións.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, comeza pedindo que haxa paz e que pasemos das formas ao fondo nos asuntos desta deputación, aínda que as formas tamén sexan importantes. Explica que a Relación de Postos de Traballo, tra – la súa aprobación inicial o 25 de setembro de 2015, foi exposta ao público durante un prazo de vinte días hábiles, e durante ese prazo formuláronse un total de 34 reclamacións, das que unha foi presentada polo CSI-CSIF, outra polo Comité de Empresa e as restantes por diferentes empregados públicos da institución. O 25 de febreiro de 2016 a Presidencia formulou proposta de resolución destas reclamacións, que foi sometida á consideración da Mesa Xeral de Negociación nas reunións do 11 e 28 de marzo pasados, sen que se chegase a un acordo. Das 34 reclamacións, tres (3) refírense a aspectos organizativos, e as trinta e un (31) restantes se refiren a cuestións retributivas, fundamentalmente á valoración do complemento específico, salientando que se estimaron vinte (20) dasas trinta e catro (34) reclamacións, once (11) totalmente e nove (9) de xeito parcial, o que supón un 60 % de estimación. Outro dato importante é que a día de hoxe contamos con setecentos dous (702) empregados públicos nesta deputación, o que supón un 4,8 % de reclamacións, importantes pero non especialmente significativo. Di tamén que se deu conta deste expediente á Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, sen que ningún grupo fixera ningún tipo de achega. Polo tanto, o voto do Grupo Popular será favorable, incluíndo a emenda formulada pola Presidencia, que se refire a o posto de interventor – asesor, e do que se informou oportunamente en comisión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Don José Ignacio Gómez Pérez di que o seu grupo non pode facer achegas porque simplemente non se lles escoita, e pon como exemplo que o outro día presentóuselles o programa de fomenta da natalidade xa feito, cando eles, tras votar a favor do programa de empregabilidade e do programa de mocidade no Pleno pediran que se lles tivese en conta para o programa de fomento da natalidade, e o que sucedeu é que se lles deu conta dun programa aprobado con moitas eivas e se lles dixo que na vindeira ocasión si podían facer achegas, e despois lles din que non fan achegas e practican unha oposición destrutiva. A realidade é tan palmaria que non hai nada que discutir.

Don Plácido Álvarez Dobaño di que non se trata de que porque non se acepten as súas achegas nun programa logo non se fagan por sistema, e pídelle ao Sr. Gómez que permita que lle digan que non, porque ao mellor está nun erro.

O contido íntegro das intervencións transcritas recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

No se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Popular (13), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Resolver as alegacións formuladas contra a aprobación inicial da Relación de Postos de Trballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016 no sentido seguinte:

a) Desestimar integramente as reclamacións n.º 1, 3, 4, 5, 6.2, 9, 10, 13, 14, 22, 23, 26.1, 26.2, 26.5, 26.6, 26.7, 26.8, 28, 29, 31, 33 e 34.

b) Estimar parcialmente as reclamacións n.º 11, 12, 16, 17, 18, 24, 25, 27 e 30, no senso seguinte:

- Reclamación n.º 11: estímase no relativo ao factor de dificultade técnica, ao estimarse a reclamación n.º 19. Desestímase en todo o demais.

- Reclamacións n.º 12, 16, 17 e 18: estímase as alegacións no relativo ao factor de penosidade e perigosidade, pasando ao grao 3 como o resto de condutores de maquinaria; desestímase en todo o demais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

- Reclamación n.º 24: estímase parcialmente a reclamación, coa creación na Área de Benestar dos seguintes postos, coas súas correspondentes prazas: 1 asistente social, 2 técnicos asesores en desenvolvemento local e recursos europeos, 1 técnico en desenvolvemento de proxectos Informáticos e novas tecnoloxías e 1 técnico especialista en desenvolvemento local.

- Reclamación n.º 25: estímase a reclamación no relativo á valoración dos factores de formación continua e dificultade técnica, desestimándose no que atinxe ao complemento de destino e á responsabilidade.

- Reclamación n.º 27: estímase a reclamación no relativo ao factor de dedicación, desestimándose no relativo ao factor de responsabilidade.

- Reclamación n.º 30: estímase a reclamación no relativo ao factor de dedicación, desestimándose no relativo ao factor de dificultade técnica.

c) Estimar integramente as reclamacións n.º 2, 6.1, 7, 8, 15, 19, 20, 21, 26.3, 26.4 e 32. A resolución das reclamacións fundaméntase nos motivos e se concretan nos termos que constan na proposta da Presidencia, uníndose o extracto correspondente desta proposta á notificación aos interesados, para os efectos da motivación da resolución.

2º) Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016, conforme co documento aprobado inicialmente no Pleno de 25 de setembro de 2015, coas modificacións recollidas no apartado anterior, ordenando a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial, e a súa remisión á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Incorpórase á RPT definitivamente aprobada a modificación 1/2016 da RPT de 2015, unha vez que esta quede aprobada definitivamente.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE RAMIRÁS EN MATERIA DE XESTIÓN RECADATORIA.-

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as presentes do Grupo Popular (13), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación nesta Deputación Provincial das facultades que o Concello de Ramirás ten atribuídas en materia de recadación da taxa pola subministración de auga, taxa de sumidoiros e depuracións dos usuarios do servizo de abastecemento domiciliario de auga e canon da auga, así como das actuacións pendentes dos últimos catro anos e non prescritas, ao abeiro do establecido no artigo 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 7 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co alcance, contido, condicións e vixencia que se establecen no acordo do Pleno do dito concello do día 31 de marzo de 2016. A dita delegación rexerese polas condicións xerais establecidas pola Deputación Provincial para a delegación de competencias nesta materia.

5º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS NO PARQUE DE BOMBEIROS DA DEPUTACIÓN NO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista, quere explica o sentido do voto do seu grupo, que será unha abstención, deixando constancia de que lles gustaría que este parque de bombeiros non fose o único de xestión pública directa dos que dependen da Deputación, e refírese en concreto aos parques comarcais que forman parte do Consorcio Provincial de Incendios, en Verín, Xinzo, A Rúa e O Carballiño, que van ter unha xestión privada tal e como se acordou no Pleno do Consorcio o pasado 21 de abril, no que se aprobaron os pregos de cláusulas e de prescricións técnicas. Di que son parques onde se investiu moito diñeiro público e nos que van obter beneficio agora as empresas privadas, e di que se queren están a tempo aínda de optar por unha xestión pública, co que lle iría mellor a esta casa e a tódolos cidadáns.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

O contido íntegro das intervencións transcricas recóllese no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados/as presentes do Grupo Socialista (6), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a alegación formulada contra a Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios no parque de bombeiros da Deputación no Polígono de San Cibrao das Viñas, pola Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao, ao considera que a exención solicitada non está xustificada, ao non constar que exista colaboración económica no momento actual da asociación no sostemento do servizo, cuxo custo é soportado exclusivamente pola Deputación Provincial, estimándose a recuperación de custos a través da taxa no redor só dun 10%, e tendo en conta ademais que as taxas do servizo de extinción de incendios será aboadas polas entidades aseguradoras como substitutos do contribuínte.

2º.- Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios no parque de bombeiros da Deputación no Polígono de San Cibrao das Viñas, co seguinte contido:

Artigo 1. Fundamento e natureza.

Ao abeiro do disposto no artigo 132 e de conformidade co establecido nos artigos 15 ó 19, en relación cos artigos 20 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Deputación establece a taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios, que se rexerá por esta Ordenanza Fiscal.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos Servizos de Extinción de Incendios e Alarmas deles, prevención de ruínas, derrubamento, inundacións, salvamentos e outros análogos, ben sexa a solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

de seguridade, sempre que a prestación do dito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

2. Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa o servizo de prevención xeral de incendios, nin os servizos que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados nos casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que fai referencia o artigo 35 da Lei xeral tributaria, e os usuarios dos inmobles sinistrados que sexan obxecto de prestación do servizo, entendendo por tales, segundo os casos, os propietarios, usufrutuarios, inquilinos e arrendatarios dos ditos inmobles.

2. Cando se trata de prestación de servizos de salvamento ou outros análogos, será suxeito pasivo a persoa física ou xurídica e a entidade prevista no artigo 35 da Lei xeral tributaria que os solicite, ou en favor da que redunden.

3. Terá a consideración de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de extinción de incendios, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Artigo 4. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos que correspondan da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Exencións subxectivas.

1. Estarán exentos os contribuíntes beneficiarios do RISGA (Renda de Integración Social de Galicia) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado, así como aqueles que xustifiquen que os ingresos anuais globais da unidade familiar á que pertencen é inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples). Non obstante, non procederá exención cando suxeito pasivo, estivese amparado por un seguro que cubrise os gastos derivados da intervención dos servizos do consorcio.

2. Os suxeitos pasivos que estean na/s situacións descritas no apartado anterior, deberán solicitalo por escrito ao consorcio, acompañando a documentación acreditativa das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

circunstancias nas que se fundamenta dita exención. O prazo para solicitar a exención será do máximo dun mes, contado desde a data da intervención dos efectivos do servizo.

3. Fóra dos supostos indicados non serán aplicables outros beneficios fiscais, salvo os que estean expresamente amparados en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.

Artigo 6. Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, dos materiais empregados na prestación do servizo, o tempo investido nesta, e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen e, no seu caso, polas especiais incidencias na prestación do servizo, tal e como figura no apartado seguinte.

2. Aos efectos anteriores, aplicaranse as seguintes Tarifas:

VEHÍCULOS	BUL-Bomba Urbana Lixeira	55 €/h. ou fracción
	Vehículos lixeiros – Pick-up	38 €/h. ou fracción

PERSOAL	Bombeiro-condutor	20 €/h. ou fracción
----------------	-------------------	---------------------

EQUIPOS	Equipos ERAS (Respiración Autónoma)	25 €/unidade
	Extintores	35 €/unidade
	Mangueras e Accesorios	10 €/tramo
	Xerador de espuma	25 €/h. ou fracción
	Xerador eléctrico	40 €/h. ou fracción
	Equipo de excarceración	80 €/h. ou fracción

MATERIAL	Recarga Aire Comprimido ERA	12 € /unidade
	Espumóxeno	12 €/litro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

	Absorbente	15 €/kg.
	Dispersante	8 €/litro

SERVIZOS ESPECIAIS	Apertura de portas	130,00 €
	Saídas accidentes	250,00 €

QUILOMETRAXE	Quilómetro (contabilizarase ida e volta)	1,00 € /km.
--------------	--	-------------

Artigo 7. Obriga de contribuír.

Aplicarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando saia do parque a dotación correspondente, momento no que se inicia, para todos os efectos, a prestación do servizo.

Artigo 8. Liquidación e ingreso.

De acordo cos datos que certifique o Parque de Bombeiros, practicaranse as liquidacións que correspondan, que serán notificadas para o seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no Regulamento xeral de recadación.

Artigo 9. Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que por elas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final

A presente ordenanza trala súa aprobación conforme o disposto no artigo 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e ao abeiro do establecido no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, rexerá a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Ordenar a publicación desta ordenanza na forma legalmente prevista para a súa entrada en vigor.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2016, N.º 3/2016.-

O Sr. presidente abre directamente a quenda de debate.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que lle van propoñer ao Sr. Presidente que este ano, para ser verdadeiramente pioneiro, aproben en setembro non só os orzamentos de 2017, senón tamén o de 2018, porque se pregunta qué valor ten aprobar un orzamento en setembro que non vai entrar en vigor ata o 1 de xaneiro de 2016, se despois, mes tras mes, se lle aplican modificacións pola vía dos expedientes de modificación de créditos, e imos xa polo terceiro e levamos gastados case once millóns de euros por esta vía. Entrando no expediente en concreto, di que neste expediente destaca, porque se leva case todo o montante, o proxecto de innivación para a estación invernal de Manzaneda, con 1,6 millóns para un proxecto que ascende a un total de 6 millóns de euros, dos que 3 os poñen a Xunta e a Deputación, e os outros 3 se financian mediante un crédito de Abanca. Di que pode discutirse se a Deputación está a apoiar o fomento do deporte de base ou non na provincia, e dende o seu punto de vista é obvio que non, e tamén se a aposta estratéxica do goberno provincial ten máis que ver con deportes elitistas porque a súa práctica non está ao alcance de todo o mundo, como os rallys ou o esquí. Pero o que si parece, segundo os alcaldes e os empresarios da comarca, é que este proxecto por ter incidencia na dinamización social e económica dunha comarca empobrecida, ao aumentar o número de días de neve en case o dobre. Di que o seu grupo entende que unha comarca como a das Terras de Trives, cun índice de paro superior á media e dos máis altos de Galicia, precisa doutras medidas que vaian máis ás causas estruturais e non se queden en algo tan circunstancial como a climatoloxía, e por iso botan de menos unha aposta das administracións públicas polos sectores produtivos que permitan vivir todos os meses do ano e non só cando funcione a estación. Tamén cabería preguntarse polo papel que xogan os concellos, puramente testemuñal logo deste, porque a ampliación de capital alterará drasticamente a composición social da empresa, ao aumentar de xeito moi considerable a porcentaxe que Xunta e Deputación posúen no capital social de Meisa, pasando do 23 % e 33 %, respectivamente, ao 49%, fronte a un escaso 0,10 % dos concellos de Trives e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Manzaneda, cando antes era do 7 %. É máis salientable aínda a diminución do capital privado, que antes tiña un 30 % e agora queda nun 0,4 %, parte privada que ve cómo as débedas, que ata agora foron recorrentes, ano tras ano, as asumen en exclusiva as administracións públicas, nunha aplicación desa máxima de socializar as perdas e capitalizar as ganancias cando as haxa. Di que con esta composición social, cunha participación pública superior ao 99 %, case era mellor que a xestión a asumisen directamente as administracións, e non unha empresa privada, e cre que con isto a xestión non sería peor e resultaría menos custosa. Abonda lembrar que o pasivo de Meisa ao peche de 2015 ascende a máis de 4,2 millóns de euros. Outra das subvencións de carácter deportivo son os 209.000 euros para o Pazo *Paco Paz*, que son en realidade unha forma encuberta de subvencionar ao C.O.B., porque as esixencias da liga ACB obrigan a realizar unha serie de melloras para poder levar a cabo a competición. Ou tamén a achega de 40.000 euros para unha pista na Gudiña, e pregúntase se non sería mellor que se fixera unha pista de usos múltiples que permitise a práctica de deportes de equipo e non só a dun deporte individual como o tenis. Por todas estas consideracións, o seu voto vai ser en contra.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de DO, dille á deputada popular dona Montserrat Lama Nóvoa que ao mellor prefire a xente educada como o Sr. Bárcenas ou Mario Conde, xente con gravata e ben vestida e que mantén ben as formas, antes que unha persoa como el, que non ten bos modais, e de seguro prefire a esa xente do Partido Popular que rouba pero vai ben traxeada. Dille que como deputada é unha inútil, e reclámalle que lle preste atención, dicíndolle, literalmente: “Inútil, ¿me estás oyendo?”, e reitera que é unha inútil e non debería ser deputada porque dixo antes que o portavoz socialista se estaba levando cincocentos euros en cada hora presencial, porque di que ven seis horas ao mes, e botou contas e debeu mirar o soldo bruto que son 36.000 euros ao ano, que son 3.000 mensuais, e dividiu por seis e saíronlle eses cincocentos euros, e di que é unha inútil porque nin sequera sabe que está o custe da Seguridade Social, que son case mil euros ao mes, co que o custe do Sr. Gómez é de 666 euros por hora. Con isto non está a criticar ao portavoz socialista, porque as horas que vea aquí lle parecen irrelevantes, porque o que conta é o tempo que traballa fóra e que dedica a estudar os asuntos que aquí se tratan. E isto di que ten que ver co asunto de Manzaneda, porque estamos de acordo en que se se fai unha ampliación de crédito (en referencia á ampliación de capital) é lóxico que a Deputación e a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Xunta se queden coa maioría das accións, e está de acordo co BNG en que non ten sentido que unha empresa que non foi quen de facer rendible a estación e ten menos do 1 % continúe a xestionala, parecéndolle obvio que a xestión a asuman a Deputación ou a Xunta de Galicia. Amosa tamén o seu desacordo con que se gasten 40.000 euros nunha pista de tenis, porque non ten sentido facer unha pista de tenis na Gudiña, dado que o tenis é un deporte individual, e non poden xogar once contra once, senón só dous contra dous, e ao facer este tipo de instalacións hai que facer unha xerarquía de prioridades que vai un pouco co uso, e pon como exemplo que cre que en Ourense non hai ningunha pista de tenis pública, o que demostra que na Gudiña se debería, antes que facer unha pista de tenis, facer instalacións deportivas que poidan ser utilizadas por máis xente, aínda que ao mellor o fixeron coa intención de que lle quedara un pouco preto do chalé de Mario Conde, por se non ten pista de tenis no pazo que lle vendeu a familia da muller do Sr. Presidente, ao que se refire como “o Baltar”. Di que están de acordo coa adquisición da Biblioteca Benito Fernández Alonso, pero como está mesturado con estas outras cuestións non poden votar a favor deste expediente. Hai tamén a cuestión do *Paco Paz*, que efectivamente, e como dixo o portavoz do BNG, é unha subvención encuberta ao COB, e habería que preguntarse por qué motivo o baloncesto o ten que pagar todo o mundo e non só os espectadores dese deporte. Con respecto á estación de Manzaneda, di que Ourense ten unha vantaxe competitiva con respecto ao resto de Galicia e ao norte de Portugal, porque somos a única provincia que dispón dunha estación de esquí, e esta vantaxe competitiva non se está a explotar, e lembrando as descualificacións que dedicou á deputada dona Montserrat Lama ao inicio da súa intervención, di que como é posible que xestionen Manzaneda os que non saben nin botar as contas das nóminas, e que son uns inútiles porque non é posible que esa estación xere perdas, e di que se isto o collen os ianquis farían da estación unha mina de ouro. Non lles parece mal o da neve artificial, cando o se grupo defende propostas como un parque acuático en Ourense, que é a cidade máis cálida do norte de España e está a pedir unha infraestrutura dese tipo; e Manzaneda podería ser un importante polo de atracción turística, pero de nada serve gastar os cartos no tema da neve cando logo os hoteis están como están, a restauración está como está e non hai algo vital, que é un aparcadoiro, e conta que houbo xente que cando está a tope chegou a ter que subir andando dende Trives, co que van unha vez e non volven. É dicir: a estación necesita unha reforma global, e o problema é

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

que agora está en terra de ninguén, porque só con este investimento non se resolve nada, e son necesarias outras actuacións coas que se converta nun verdadeiro polo de riqueza, porque todo o mundo que coñece o sector co que falou lle di que Manzaneda é unha das estacións de esquí máis bonitas, porque é moi difícil ter unha estación coa vexetación que ten Manzaneda. Anuncia o seu voto en contra ao ser o expediente un *totum revolutum* no que se mete todo a calzador.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. Jácome que como siga a empregar ese vocabulario a el non o van reprobar, senón que directamente non o van deixar pasar, aínda que ao mellor non, porque pode que a prudencia de algún sexa proporcional ao medo escénico que lle poida entrar. Di que cando se debateu este asunto no seo do seu grupo, el fixo unha proposta aos seus compañeiros para non perder o tempo con este asunto, e nin sequera falar do punto, porque é unha vergoña que veñamos aquí sistematicamente a repetir o mesmo, como lle dirá o Sr. Álvarez Dobaño na súa réplica. No que respecta ao tema de Manzaneda, di que xa que a Deputación é accionista sería bo que a oposición puidese participar nos órganos sociais, e se o Sr. Presidente tivese un pouco de intelixencia emocional, que non a ten dende logo, entendería que sería positivo incluso para eles dar máis información e participación aos demais grupos. E referencia á xestión de Meisa, está de acordo co portavoz de DO en canto que non pode ser que se estea continuamente inxectando cartos nesa empresa e continúe en perdas, o que significa que o grupo de goberno é un desastre xestionando. No da pista de tenis da Gudiña xa sabe que o Sr. Dobaño lle vai contestar que hai que respectar as decisións dos concellos, pero cre que a deputación está para algo e que os caprichos os debe pagar cada un, e el como alcalde non pode vir aquí a pedirlle ao Sr. Presidente que lle monte un parque temático dedicado á reprodución dun réptil de Transilvania lle dirá que iso que o pague el; pero é que isto é o mesmo, e ten que haber uns criterios obxectivos, e se alguén quere facer un investimento á marxe deses criterios no seu concello pois que o pague el, e non o que sucede aquí, onde non hai criterio obxectivo ningún. E o máis grave é que non é un caso illado, senón unha de moitas, porque si se examina o que se aproba nas Xuntas de Goberno, é un escándalo día tras día as subvención que alí se dan. Di que o fai o Sr. Baltar é aínda peor que o que facía o anterior presidente, e aínda por riba alardeando de ter formas diferentes. Pero é o modo de actuar deste equipo de goberno, porque o Sr. Presidente está a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

actuar como unha caricatura de si mesmo que se traslada aos deputados que non deberían permitir este tipo de cuestións e espera que máis pronto que tarde algúns lle indiquen aos seu superior político que ten que coller a porta de saída. E advirte sobre os investimentos que se están a facer no municipio de Ourense, nos que se da a curiosa situación de que o irmán pobre está a financiar ao rico, porque o concello ten máis cartos que a Deputación, que debería dedicarse a axudar aso concellos pequenos que o están a pasar moi mal, e va pedir os expedientes deses convenios e dalgunha cousa rara que hai, porque a lexislación pon o que pon e os convenios son para o que son, e aparecen os da chaqueta azul día tras día facendo investimentos en Ourense capital e vendendo motos onde non as hai que vender; e non está en contra de que se fagan investimentos na cidade, pero que consiga os cartos onde ten que facelo, porque a Deputación non está para iso, e agora estamos subvencionando o dobre, o que xa se facía antes e ademais aos que teñen máis que nós. Di que non é unha ameaza, pero que lles consta que se están a facer cousas que non se deben facer, e das que haberá que responder, e que eles cumprirán co seu deber ao respecto.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a boa xestión económica realizada é a que permite financiar estas modificacións de crédito, e diríxese ao Sr. Rodríguez Suárez, que parece que segue sen entender o que é un expediente de modificación de crédito. Dille que o presuposto é o que é, e que cando existe un remanente de tesourería se pode utilizar para financiar novas partidas ou incrementar as existentes, e que se algún día chega a gobernar verá que esas modificacións son imprescindibles porque así o esixe a dinámica do ano orzamentario, e dille que deixe de alarmar con argumentos que non veñen a conto, porque non ten sentido que cuestione o que permite a Lei. Anuncia que vamos co terceiro expediente e haberá máis porque quedan aínda 2,7 millóns de remanente sen utilizar e que se poden gastar no que o grupo de goberno considere oportuno, incluso atendendo peticións da oposición, que por certo non fan moitas e despois critican, e convídaos a facer propostas. Di que como crédito extraordinario se dedican 1,5 millóns de euros para a estación de Manzaneda porque entenden que é bo para esta provincia, e con isto se pretende colocar os canóns de innivación que permitan que a estación poida funcionar catro meses ao ano, e así alterar esa liña de perdas que a oposición tanto critica e para a que non achegan ningunha solución. En canto á adquisición da Biblioteca Benito Fernández Alonso, foi unha proposta de DO, polo que lle sorprende que este grupo vote en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

contra. Di que hai tamén un crédito extraordinario de 21.600 euros para cinco bolsas para prácticas no CHUOU neste ano, e que no que ven se dotará outra cantidade igual, e isto é unha clara aposta deste equipo de goberno pola sanidade pública nesta provincia, que se suma ao preto dun millón de euros recentemente aprobados para financiar o acceso á noiva ampliación deste hospital. Di que tamén se suplementan 209.000 euros que non son ningunha subvención, senón que van destinados a equipar o pavillón *Paco Paz*, porque os xogadores e os directivos do COB non van marchar co marcador e o pito electrónico, se supón que non os levarán, e quedarán nesa instalación pública. Inclúense tamén algúns cambios de finalidade en subvencións na Gudiña, en Bande, en Riós, e tamén algunha transferencia, porque por un erro se incluían no capítulo IV subvencións para asociacións de veciños e pasan ao capítulo VII porque é un investimento. Di que defende a autonomía municipal, e non entende por qué lles parece mal que o concello da Gudiña solicite facer unha pista de tenis. Por tanto esta é a súa proposta, informada favorablemente polos técnicos desta casa, e votará a favor como non podía ser doutro xeito.

Don Ramiro Rodríguez Suárez dille ao Sr. Álvarez Dobaño que entende perfectamente o que é un expediente de modificación de crédito, e que coas súa intervención o que criticaba era a oportunidade de aprobar en setembro un orzamento, nun xesto de cara á galería típico do Sr. Presidente, cando logo mes a mes se vai modificando, e si se aprobasen cun maior marxe de tempo, como se fai noutros sitios, si se aprobasen por exemplo en xaneiro ou febreiro non habería que andar con tantas modificacións que fan perder valor ao orzamento inicial, desvirtuando o seu carácter de previsión. Mantén a súa postura no resto de cuestións, e o seu voto en contra.

Don Gonzalo Pérez Jácome dille ao Sr. Álvarez Dobaño que tantos anos con esa xente fan que se lle peguen os malos costumes. Volve a criticar á deputada Sra. Lama Nóvoa, acusándoa de falla de reflexos cando o Sr. Gómez Pérez lle dixo que so cobraba 2.147 euros ao mes, porque tiña que terlle dito que coas extras en realidade é máis. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que é un mago do engano, pero que a DO non a vai enganar, porque isto é como se eles dous van comer xuntos un cordeiro e logo ao chegar ao restaurante o Sr. Álvarez Dobaño vai e pide un gran reserva do ano que tomou posesión como presidente da Deputación o pai do Sr. Baltar, e claro, el non estaría de acordo, aínda que comen cordeiro, porque lle meteu con calzador o viño no menú, e iso é o que pasa neste caso, que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

no expediente de modificación de créditos se meten con calzados outras cousas aparte do da biblioteca, e por iso DO non pode votar a favor, porque lle meten ese asunto co do COB, por exemplo. Con respecto ao COB di que unha vez tiveron a idea de meter nas Galerías Centrais de Ourense un acuario, porque alí hai moito espazo oco, pero non se fixo porque non tiñan cartos, e viría moi ben que o financiase a Deputación co argumento de que o acuario non vai ser para os clientes de Galerías Centrais, senón para quen vaia velo, e di que o argumento do Sr. Dobaño con isto do COB é idéntico a este, porque esas actuacións que se van realizar no pavillón son en realidade para o COB, para que o COB poida competir en liga ACB, e pídelle que non enganen á xente. Con respecto ao da pista de tenis na Gudiña, di que están a favor sempre e cando xoguen once contra once, pero non un contra un, porque son moi poucos para tanto investimento. Rexeita o argumento do Sr. Álvarez Dobaño en canto a que se trata de respectar o que piden os concellos, porque se mañá a Gudiña solicitase unha subvención para facer unha lanzadeira para ir á lúa non se lle daría, e polo tanto o criterio non pode ser o que os alcaldes pidan sen máis. No que se refire a Manzaneda, di que o investimento está ben, pero non servirá de nada se non se fai unha actuación global, e esta estación está agora no que en economía se chama o val da morte, e con isto a actuación queda en terra de ninguén, facendo un investimento moi alto pero insuficiente, que non resolve o problema e que non evitará que a estación siga a dar perdas.

Don José Ignacio Gómez Pérez di que o feito de que A Gudiña pida unha pista de tenis non lle parece mal, o que lle parece mal é que se conceda, porque cre que a Gudiña debe ter outros problemas máis prioritarios, como ao mellor atopar quen xogue nesa futura pista, e en todo caso se isto é unha prioridade para o alcalde pois que a pague o concello. Porque se non hai criterios obxectivos para conceder estas axudas pasa o que pasa, que concellos como Melón teñen un pavillón que semella a cidade deportiva do Real Madrid, ten unha piscina olímpica que nin se usa ou ten unha canceira que agora non a queremos porque a fixeron mal, e esa é a cuestión de fondo que hai que debater. Pide que non dean ideas de facer unha lanzadeira á lúa, porque ao mellor calquera día se lles ocorre facela, porque aquí xa houbo ocorrencias abraiantes no pasado. Espera que esta institución cambie de rumbo en breve, e que esta falta de pudor institucional á hora de actuar cambiará se o presidente deixa de ser o que é e é calquera das persoas ás que fixo mención nunha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

intervención anterior ou incluso outros que non mencionou, e iso sucederá, non porque o presidente queira, senón porque non lle quedará máis remedio.

Don Plácido Álvarez Dobaño dille ao Sr. Gómez Pérez que as subvencións nominativas, antes de aprobarse en Xunta de Goberno, pasan polo Pleno. Gustaríalle que os grupos políticos se manifestasen sobre se están ou non de acordo en que se fagan obras en Ourense e na súa periferia, porque semella que hai un discurso nun sitio e outro noutro sitio. Con respecto ao das pistas de tenis na Gudiña, di que el é un defensor a ultranza da autonomía municipal, e que polo tanto cando os alcaldes se dirixen á deputación para pedir unha determinada obra, é porque consideran que é importante e necesaria para os seus veciños, e ao mellor para a Gudiña é máis importante a pista de tenis que un parque infantil ou un velorio, e pide que se respecte esa autonomía municipal. Dirixíndose ao Sr. Rodríguez Suárez, pregúntalle qué se faría co remanente de tesourería do ano 2015 se o orzamento provincial se aprobase en xaneiro ou febreiro ou hoxe mesmo. Di que estes suplementos de crédito e créditos extraordinarios non desvirtúan o orzamento inicial, e que outra cousa sería que se fixesen transferencias de créditos alterando o destino dos gastos inicialmente previstos, pero non é iso o que se está a facer, porque todos estes expedientes son créditos extraordinarios ou suplementos de crédito, é dicir, crear partidas novas que non estaban previstas porque non había crédito para financiarlas ou incrementar as xa existentes. Convida a que mire nos sitios onde goberna o BNG cántos expedientes deste tipo levan feitos a día de hoxe.

O contido íntegro das intervencións transcricas recóllense no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourenseana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

CREDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
433.11/770.00	Estación invernal. Desenvolvemento empresarial	1.500.000,00 €
332.11/629.01	Adquisición biblioteca Benito Fernández Alonso	65.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

CREDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
326.13/453.90	Outras subvencións a sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas. Universidade de Santiago de Compostela	21.660,00 €

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
342.11/623.00	Maquinaria, instalacións e ferramentas. Pazo dos deportes Paco Paz	209.000,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito	209.000,00 €
Suma créditos extraordinarios	1.586.660,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	1.795.660,00 €
--	-----------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria

Con cargo á aplicación orzamentaria **433.11/770.00** Estación invernal. Desenvolvemento empresarial

Beneficiario	Finalidade	Importe
Estación invernal de Manzaneda	Innivación	1.500.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **326.13/453.90** Outras subvencións a sociedades mercantís, entidades públicas empresariais e outros organismos públicos dependentes das comunidades autónomas. Universidade de Santiago de Compostela

Beneficiario	Finalidade	Importe
Universidade de Santiago de Compostela	Financiamento de cinco prazas de PACS do CHUO	21.660,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

	durante o curso académico 2015-2016
--	--

3º.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, experimentando as seguintes variacións:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 433.11/479.01 “Estación invernal. Desenvolvemento empresarial”, prevíase unha subvención á Estación invernal de Manzaneda para actividades e proxectos por importe de 100.000,00 euros. Advertido un erro en dita finalidade propónse a corrección do mesmo quedando da seguinte maneira:

- 433.11/770.00 A empresas privadas. Desenvolvemento empresarial

Beneficiario	Finalidade	Importe
Estación invernal de Manzaneda	Infraestruturas e investimentos	100.000,00 €

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 433.11/479.01 así como un crédito extraordinario na aplicación 433.11/770.00 “A empresas privadas. Desenvolvemento empresarial” por importe de 100.000,00 euros. O dito crédito extraordinario será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Riós para o centro agroforestal de Riós por importe de 30.000,00 euros. Baseándose no escrito remitido polo Concello en data 30/03/2016, propónse o cambio de finalidade da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2016 no que respecta á súa finalidade:

- 450.12/462.10. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Riós	Gastos de persoal e funcionamento do Centro agroforestal de Riós	30.000,00 €

Procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 450.12/762.01 así como un suplemento de crédito na aplicación 450.12/462.10. “A Concellos. Cooperación provincial ” por importe de 30.000,00 euros. O dito

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

suplemento de crédito será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Bande para traballos de fontanería e calefacción en edificio municipal por importe de 10.227,53 euros. Baseándose no escrito remitido polo Concello en data 06/04/2016, propónse o cambio de finalidade da dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 1/2016 no que respecta á súa finalidade:

- 450.12/762.01. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Bande	Instalación de radiadores para caldeira de biomasa no segundo andar da casa do Concello	10.227,53 €

- No expediente de modificación de créditos n.º 1/2016, punto terceiro, levouse a cabo unha modificación de finalidade da subvención concedida ao Concello da Gudiña, constatando con posterioridade a existencia dun erro material, xa que a subvención á que renuncia o dito Concello non é á concedida nas bases de execución de orzamento de 2016 para actuacións no parque infantil da Cotarela por 16.396,70 euros, senón á concedida no expediente de modificación 1/2015 para “terminación parque infantil” por importe de 40.000 euros. Polo que a dita modificación quedaría da seguinte maneira:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de A Gudiña	Construción de pista de tenis e pavimentación	40.000,00 €

- Nas bases de execución do orzamento do exercicio 2016, existe consignada unha subvención nominativa á Fundación Abelardo Gabriel por importe de 10.000,00 euros. Segundo escrito do 4 de abril de 2016 emitido pola Asociación Cultural da Castaña, a dita Fundación carece de existencia, sendo a Asociación Cultural da Castaña a encargada dos labores de produción do Festival das Artes Escénicas de Ríos Abelardo Gabriel, polo que debe ser o beneficiario da dita subvención. Así, quedaría da seguinte maneira:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Cultural da Castaña	Gastos de funcionamento e mantemento	10.000,00 €

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.15 “Volcán y víbora. Actividades culturais e recreativas”, prevíase unha subvención a Volcán y Víbora Producciones para “documental Catedral de Ourense”. Visto que finalmente é a Deputación de Ourense a que vai a contratar este servizo, procede aprobar a modificación por baixa por anulación na aplicación orzamentaria 334.20/489.15 así como un suplemento de crédito na aplicación 334.20/226.09. Actividades culturais. Actividades culturais por importe de 18.150,00 euros. O dito suplemento de crédito será financiado mediante a baixa por anulación á que se fai referencia.
- En data 18 de abril de 2016, a Presidencia da Comisión deu conta da proposta relativa ao expediente de modificación de créditos n.º 3/2016, constatándose con posterioridade, segundo acordo da Xunta de Goberno do 30 de novembro de 2015 de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento de asociacións veciñais correspondentes ao exercicio 2016, que a dita convocatoria está condicionada a que por parte do Pleno se aprobe a correspondente modificación orzamentaria **transferindo a dotación da aplicación 924.12/489.00 á 924.12/789.00**, debido a un erro no documento dos orzamentos, onde figura a aplicación pertencente ao capítulo 4 dotada con 100.000,00 euros.

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- REXEITAMENTO DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA EFECTUADA POLO CONCELLO DE MACEDA PARA A DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN SITUADA NAS LAXAS Nº 5 (MACEDA).-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Non se producen intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o seguinte acordo:

1º.- Rexeitar, polos motivos expostos na proposta da Presidencia que consta no expediente, a solicitude do pleno do Concello de Maceda (NRE 37894) de *delegar na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias necesarias para proceder á execución da demolición da edificación situada na rúa As Laxas n.º 5 (Maceda), ordenada polo TSX de Galicia en sentenza n.º 534/2011, incluíndo todas as facultades que se precisen para a execución da demolición e, en especial, a reclamación en vía executiva dos custos de demolición ao propietario.*

2º.- O anterior acórdase sen prexuízo de que a Deputación lle prestará ao Concello de Maceda a asistencia xurídica e/ou técnica que precise e solicite para levar a cabo a referida contratación das obras de demolición e a execución subsidiaria á que está obrigado pola sentenza n.º 534/2011 do TSX de Galicia.

3º.- Notificarlles o presente acordo aos interesados.

8º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DAS PARCELAS DO PREDIO ANTELA.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“O servizo de agricultura desta Deputación ten elaborado un informe cuns criterios para a concesión de parcelas na finca que a Deputación ten no concello de Sandiás. Este informe nacía dentro das medidas dun suposto apoio ao sector agrario que a Institución Provincial tiña entre os seus obxectivos, pero que nunca se chegou efectivizar. A idea consistía en por ao dispor dos profesionais da agricultura o uso e desfrute de 56 hectáreas de terreo agrupadas en parcelas, hoxe destinadas a praderías e cultivo de cereal, en réxime de aluguer, previo cumprimento dunha serie de baremos e do cumprimento obrigado dunhas condicións previas. Para o BNG, si algún sentido podería ter o INORDE, sería a posta en valor e defensa do medio rural como creador de riqueza e benestar, polo que esta idea de por en arrendamento os predios, tería varias consecuencias positivas: fomentar o asociacionismo e o cooperativismo, a incorporación de novos agricultores/as a actividade agraria ou permitir o dimensionamento das explotacións para outros profesionais que precisan máis terra. A base territorial é un dos principais elementos que lastran a posibilidade de por en marcha explotacións rendíbeis, daquela resulta inasumíbel a existencia de superficie agraria útil ociosa e máis si esta está en mans dunha administración pública e en disposición de ser utilizada. Polo tanto consideramos que debe

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

*establecerse unhas bases para o acceso a estas terras por parte das persoas interesadas en base a criterios similares aos establecidos no artigo 6.2. da lei 6/2011, de mobilidade de terras, en canto a que se considere prioritario o seu destino a actividade agraria, tanto para garantir a viabilidade de explotacións xa existentes como a incorporación de novas. A Consellaría de Medio Rural convoca anualmente axudas para o sector destinadas a plans de mellora e á incorporación de novos activos á actividade agraria polo que este Grupo Provincial considera que desde a Deputación se deben establecer as medidas para que os prazos en que a Deputación Provincial resolva os expedientes se acomoden aos establecidos pola Administración galega para a presentación de ditas solicitudes. Igualmente, e para garantir a viabilidade dos investimentos que as persoas que concorren a estas axudas teñen que facer, prestaráselle o apoio técnico para elaborar os plans e estudos de viabilidade. Por todo o anterior exposto solicitamos, por parte do Pleno da corporación, a adopción do seguinte **acordo**: 1.- Que se leve a práctica, a maior brevidade posíbel, a aprobación dunhas bases en concorrencia competitiva, en base ao informe elaborado polos técnicos da Deputación, aos efectos de que por parte daqueles interesados/as en facerse cun predio propiedade da Deputación poidan solicitalo e por así en marcha unha explotación agraria ou garantir a viabilidade da xa existente. Á hora de por en marcha esta iniciativa teranse en conta os seguintes criterios: Respecto dos obxectivos establecidos no artigo 6.2 da lei 6/2011 de mobilidade de terras de forma que se ponderen elementos que leven á consecución dos fins enumerados nel. Que poidan servir de complemento ás persoas que concorren ás axudas de plans de mellora e de incorporación de novos activos á actividade agraria da Consellaría de Medio Rural adecuando os prazos 2.- Pór os servizos técnicos do INORDE e da Deputación ao servizo das persoas que soliciten as ditas axudas para a elaboración dos estudos e plans de viabilidade da explotación co fin de evitar que se malogren os seus investimentos”.*

Con respecto á emenda que formula o Grupo Popular, di que neste caso non a van aceptar, mantendo a súa proposta de acordo inicial, porque nesta emenda se fala dun proxecto da propia Deputación de poñer en funcionamento un polígono agroalimentario nestes terreos, pero este é un anuncio que se fixo en xaneiro de 2015, e pasou o tempo suficiente para que isto estivese xa en marcha e houbera xa algo concreto. Por este motivo, e aínda que non ven de todo mal esta proposta, manteñen a súa, porque cren que sería interesante poñer estes terreos a disposición das persoas que quixeran dedicalas á actividade agraria nos termos sinalados.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de DO, anuncia o seu voto a favor da moción do BNG, unha proposta moi concreta para unha zona moi concreta da provincia. Cren que a agricultura é unha actividade cunha riqueza potencial moi desaproveitada nesta provincia e probablemente no resto da Comunidade Autónoma, e basta con ver que noutros

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

países con climatoloxía e solo peor conseguen facer deses recursos unha fonte de riqueza, e di que uns amigos seus de Senegal lle dixeron que se collen alí estes recursos farían milagres, e non quere pensar o que poderían facer os israelitas, que converteron un deserto en zona cultivable. Partindo desta filosofía xenérica de que o rural foi o gran abandonado e debería recuperarse para xerar riqueza, apoian esta moción, porque o solo está para ser aproveitado, e por iso votarán a favor.

Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista di que este longo plenario máis parece un teatro que unha institución dedicada ao interese xeral da provincia, e lle da a benvida ao seu compañeiro Ignacio Gómez como segundo cargo electo reprobado estando na oposición, porque ela foi a primeira no concello de Xinzo, e semella que agora a política faise ao revés, e son os gobernos os que fiscalizan á oposición. Di que tamén hai unha nova forma de coartar a liberdade da oposición á hora de facer achegas, e como di o Sr. Álvarez Dobaño, pau se remas, pau se non remas, porque cando se fan propostas construtivas con frecuencia se emendan quedando desvirtuadas como é o caso. Anuncia o apoio a esta moción, porque o que busca é o apoio ao rural, algo necesario nunha comarca como a Limia, onde precisamente moita xente nova se está a incorporar á agricultura, e o apoio ao rural é unha das liñas da política do PSdG-PSOE, para que non se baleiren os pobos, e en cambio a política do PP ao mellor non vai por esa liña. E porque apoian o rural, entenden que esas terras non poden estar aí ermas, senón que deben poñerse a disposición de proxectos seleccionados por concorrencia competitiva para que se poñan en valor. Non cren nos anuncios do presidente Baltar, nese polígono agroalimentario virtual, e o único que puido obter ao respecto é a información de que no INORDE non existe ningún estudo, informe ou borrador ao respecto, e pide que se existe algo que llo fagan chegar, para poder facer achegas, pero cre que non é máis que unha bomba de artificio, de carácter puramente electoral. Di que a comarca da Limia precisa de apoio, porque o sector está tocado, por moitas razóns, ata o punto de que moitas explotacións se ven abocadas a vender a súa produción por debaixo do seu custe. Polo exposto, anuncia o seu apoio á moción. Di que con respecto á emenda do PP, este asunto foi obxecto de ditame en comisión, e alí nada se dixo ao respecto, e insiste en que se hai algún estudo ao respecto dese polígono agroalimentario, en fase de borrador, memoria, proxecto ou o que sexa, que llo gagan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

chegar, para saber cómo está, e senón pensarán que non é máis que un anuncio do Sr. Presidente.

Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, pídelle á Sra. Lama Fernández que se sosegue, lembrando unha frase do rei Felipe II. Di que o afán, aínda nas cousas máis boas, debe ser pausado e repousado, e mellorado a poder ser, e quixera explicar, antes de expoñer a súa emenda, dúas cuestións previas: primeiro, di que o BNG *machaconamente* di que non cre nas deputacións, pero logo cando acceden ao seu goberno gústalles gobernar, e se poden gobernar máis que o presidente, tamén lles gusta; pero é que aquí se suma outra cuestión, e é que tampouco cren no INORDE, agás, segundo din na moción, para a posta en valor do medio rural, e polo tanto, para algo tamén vale o INORDE, engadindo que o sentido da medida é unha proba de intelixencia. Di que a emenda do seu grupo mellora o texto, e non desvirtúa para nada a moción, sendo máis ambiciosa e con máis posibilidades para o medio rural que a moción presentada. O Grupo Popular avoga nesta emenda porque a Deputación de Ourense poña en marcha un plan de emprendemento agraria nas parcelas do predio Antela, e se lle pon data, no 2017, cunhas bases en concorrencia competitiva, no suposto de que tivese que descartarse por calquera atranco no plan do polígono agroalimentario previsto no Plan de Mandato 2015 – 2019 ou outras fórmulas que estean en fase de estudo polo goberno provincial. Di que o 17 de decembro de 2013, a prensa local fíxose eco dunhas declaracións do presidente da Deputación, nas que dicía textualmente que dentro do Plan Ourense 92 a Deputación prevé un plan de emprendedores agrarios, terras para os cultivos e o primeiro paso será a sinatura dun convenio coa Fundación INCYDE e a Cámara de Comercio para desenvolver cursos de formación para os interesados en poñer en marcha proxecto no ámbito agrícola e forestal, e esta acción xa se levou a cabo, tal e como anunciara o Sr. Presidente. A realidade é que a Deputación ten un predio de 56 hectáreas de terreo que están agrupadas en diferentes parcelas que están dedicadas a pradería e cultivo de cereal, e polo tanto non están abandonadas como se podería pensar oíndo a algún dos deputados da oposición, porque non está abandonado e ademais está completamente saneado, polo que o historial de cultivo das parcelas confírelles unhas extraordinarias condicións sanitarias, tanto a nivel nutricional como a ausencia dos principios patóxenos, cousa que por desgraza non se produce en todos os terreos da Limia. O deber da Deputación é conservar na medida do posible a sanidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

das parcelas mencionadas, e fomentar o asociacionismo e o cooperativismo agrario como medio de desenvolver o tecido primario. Incide en que dende a Deputación de Ourense, a través do seu Servizo de Medio Rural, como dende o INORDE, que xa sabemos que si serve para algo, estase a apoiar ao sector primario de xeito constante, dende os programas de fomento á implantación de razas autóctonas de gando ata o servizo de análises varios en campos que ofrece o INORDE, e nos últimos dez anos as analíticas do solo e o apoio personalizado convertéronse en prácticas habituais, e non só habituais, senón consolidadas, que desta provincia unha pioneira no apoio mediante asistencia técnica ao sector. Dille á Sra. Lama Fernández que non é que haxa ningún estudo, pero hai estudos con respecto á creación dun parque empresarial, e hai uns inconvenientes que xa se coñecen, pero teñen solución, por exemplo, é necesaria a expropiación de terreos para a realización de accesos dende a autovía das Rías Baixas, e hai que ter en conta a extensa tramitación do plan sectorial, supeditada a una estrita avaliación ambiental estratéxica, pero todo isto ten solución, e por iso o PP recolle na súa emenda a creación deste parque empresarial. En definitiva, non se desvirtúa para nada a moción presentada polo BNG, e en todo caso a emenda enriquece e potencia e amplía as posibilidades desa moción.

Don Ramiro Rodríguez Suárez reitera a súa postura respecto das deputacións e o INORDE, e mantén que non deberían existir, pero se están nelas é porque mentres existan deben poñerse ao servizo dos cidadáns e tirarlles algún partido, e de aí as referencias ao INORDE na súa moción. Di que a idea do PP non é que lle pareza mal, pero gustaríalle saber en qué punto está o desenvolvemento dese proxecto, porque o anuncio foi de fai un ano e tres ou catro meses; e con respecto a si se desvirtúa ou non a súa moción, dende logo houbo casos peores, pero neste caso non é tan grave porque entende que da proposta que fai o PP é ver se é viable o seu proxecto e, en todo caso, se non o fose, poñer as parcelas a disposición dos agricultores en condicións de concorrencia competitiva. O BNG cre que isto último sería máis viable e máis rápido, porque ademais existe unha demanda real ao respecto, e alédase de que os terreos estean en perfectas condicións como di o Sr. Vicepresidente 1º. En resumo, manteñen a súa proposta orixinal porque é máis viable a curto prazo e traería beneficios evidentes para a comarca, sen tampouco rexeitar de forma categórica o que aquí se propón.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Don Armando Ojea Bouzo di que con respecto ao que di o Sr. Fernández sobre a posta en cuestión da deputación e do INORDE por parte do BNG, DO tamén pon en cuestión a existencia destas institucións, pero isto non significa que si se xoga a un xogo haxa que respectar as regras, e como dicía Jacinto Benavente, se unha norma non gusta hai que tentar cambiala, pero no entanto hai que respectala, e nesto pasa algo semellante. Parécelle ben que a asignación de parcelas, chegado o caso, se faga mediante concorrencia competitiva para evitar favoritismos e cousas semellantes. Apoiarán a moción, e esperan que sexa un primeiro paso na recuperación do rural na provincia de Ourense.

Dona Elvira Lama Fernández reitera a súa postura expresada na anterior intervención. Alédase de que o Sr. Vicepresidente anuncie que esas terras están saneadas, co que indirectamente está aceptando que outras terras da Limia non o están, por desgraza. Di que restan oito meses para 2017, e que se teñen un borrador para ese parque empresarial, aínda que sexa con eses inconveniente, que en canto o teñan llo fagan chegar.

Don Rosendo L. Fernández Fernández insiste en que a súa emenda é máis ambiciosa e da máis posibilidades. Di que a Deputación e o INORDE obraron con total transparencia, porque o BNG pediu a relación dos predios e déuselle tal como está, incluso cun borrador de baremo, e non hai nada que ocultar, estase a falar con total transparencia. E incluso puxeron unha data concreta, 2017, cando o BNG fala da maior brevidade posible, que é algo inconcreto, e xa dicía Goethe que no campo do home é o tempo; e si se soluciona antes eses inconvenientes que mencionou, antes se fará, co que máis obxectividade que esta non pode haber, e por iso a emenda enriquece a moción.

Don Ramiro Rodríguez Suárez di que só faltaría que cando piden unha información non se lles dera, aínda que o agradeza. Toma nota do compromiso do PP respecto a esa data, e súmase á petición do Grupo Socialista para que, en canto haxa algo, se lles comunique ben directamente ou a través da comisión. Non concorda ao 100 % coa idea de que emenda enriquece a súa moción, pero reitera que tampouco ve con malos ollos o acordo que hoxe vai aprobar o PP.

O contido íntegro das intervencións transcricas recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular que é aprobada co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e o do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que a Deputación de Ourense poña en marcha en 2017 un plan de emprendemento agrario nas parcelas do predio Antela, cunhas bases en concorrencia competitiva, no suposto de descartarse por calquera atranco o polígono empresarial vinculado ao sector agroalimentario previsto no Plan de mandato Ourense 15-19 ou outras fórmulas de produción agraria que están en fase de estudo polo goberno provincial.

9º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DOS DANOS CAUSADOS POLAS CHOIVAS NA COMARCA DA LIMIA.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Suárez para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da seguinte moción:

“A climatoloxía volve xogarlle unha mala pasada ao agro limiao. O ano pasado a seca provocou que case a metade da colleita de cereal de primavera da comarca se estragara, e agora o problema é a auga. As choivas caídas durante as últimas semanas anegaron miles de hectáreas en toda a comarca. Centos de parcelas repartidas polos concellos de Xinzo, Sandiás, Trasmiras, Porqueira e Vilar de Barrio están inundadas. Iso sucede xusto no momento no que se ten que plantar o cereal de primavera e as plantas da pataca. Os cálculos máis optimistas son que a maquinaria agrícola non poderá entrar ata dentro de varias semanas nas parcelas. O atraso na sementeira demorarase como mínimo un mes, ata ben entrado maio. A falta de avaliación oficial, non menos dun 40% do cereal de inverno xa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

*cultivado fai meses estragouse pola podremia en moitas das plantas. As perdas poderían ser de máis de 15 millóns de quilos só neste produto. O problema é que o atraso na sementeira tamén minguará moito a produción do cereal de ciclo curto. A Limia recolle cada ano en torno a 60 millóns de quilos de cereal, sobre todo trigo e centeo. A auga nas parcelas limpou o abono botado nas leiras fai semanas para preparar a sementeira, que se produce normalmente nestas datas. Isto obrigará a abonar de novo no seu momento con custos adicionais importantes. O panorama tampouco é bo para a pataca. A demora de polo menos un mes en sementar o tubérculo provocará -segundo as previsións- unha perda importante na cifra de produción, que nun ano rolda unha media de 100 millóns de quilos na comarca. Unha alta porcentaxe da pataca de semente que os agricultores teñen na casa e que non será plantada ata maio perderase e a mingua no momento de recoller o tubérculo tamén será moi elevada, posiblemente de decenas de millóns de quilos. Por todo o anterior exposto solicitamos a adopción por parte do Pleno do seguinte **acordo**: Urxirlles á Xunta e ao Estado a avaliar os danos provocados polas choivas na comarca da Limia e habilitar, en consecuencia, unha orde de axudas para os agricultores/as”.*

Tras expoñer un resumo da anterior moción, o portavoz do BNG anuncia que o seu grupo acepta a emenda do Grupo Popular, que lles parece positiva na medida en que estende a solicitude contida na moción orixinal a toda provincia de Ourense, facendo especial fincapé nas zonas agrogandeiras como A Limia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO, di que a defensa dos intereses de Ourense está no ADN do seu partido, que por algo se chama Democracia Ourensana, e sempre estarán a favor de todo o que sexa apañar recursos procedentes do Estado ou da Comunidade Autónoma, porque consideran que existe unha débeda histórica con esta provincia por parte desas administracións. Como caso particular desa demanda xenérica, se enmarca esta petición. Están tamén de acordo co BNG na aceptación da emenda do PP, que abonda nesa liña. Polo exposto, votarán a favor da emenda e da moción.

Dona Elvira Lama Fernández, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo votará tamén a favor da moción e da emenda. Engade que neste chove sobre mollado, e lembra que no ano 2010, cando a provincia de Ourense pesaba máis no Goberno de España, a ministra Elena Espinosa fixera xa un decreto cunha liña de axudas, á que se acolleron moitos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

agricultores da comarca da Limia. Trátase dun asunto grave, porque este ano máis da metade da colleita de cereal de inverno está estragada e o cereal de primavera está sen sementar e tardarán en poder entrar os tractores nas leiras para poder sementar as patacas. Coinciden en que se estenda a petición a toda a provincia, con especial mención á principal comarca agrogandeira, que é a Limia.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, alédase de que o BNG acepte a emenda do PP, e di que os danos son importantes en todas partes, pero son especialmente significativos cando chove na comarca da Limia. A emenda do PP vai en positivo, non pretende pisar a iniciativa do BNG, pero lle da lectura en todo caso para coñecemento da súa parte dispositiva.

Don Armando Ojea Bouzo di que todo o que sexa achegar recursos para Ourense sempre contará co seu apoio. Non obstante, gustaríalle tamén que os apoios fosen de outra natureza, porque este tipo de axudas *a posteriori* é unha especie de pan de hoxe e fame de mañá, e preferirían que os investimentos fosen de tal tipo que xerasen riqueza e emprendemento empresarial, e non que os agricultores tivesen que mendigar axudas do Estado. Saben que na comarca da Limia xa ten pasado máis veces isto de que os agricultores teñan que solicitar axudas, nalgún momento mesmo de xeito violento, e tamén sabemos que esa comarca era unha lagoa cando aínda andaban os dinosauros paseando por aquí, e ao mellor no futuro habería que facer outra clase de investimentos que permitan a creación de empresas e prescindir de andar pedindo axudas de forma reiterada e coas espada de Damocles de se chega ou non a axuda do Estado.

As intervencións transcritas recóllense integramente no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións e dado que o autor da moción aceptou a emenda presentada polo Grupo Popular, a Presidencia somete votación só a dita emenda, e por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a avaliar os danos provocados polas choivas na provincia de Ourense e habilitar, en consecuencia, unha orde de axudas para as/os agricultores/as, facendo especial fincapé nas zonas de especial produción agraria como A Limia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016
--

10º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á EHTTA (EUROPEAN HISTORICAL THERMAL TOWN ASSOCIATION).-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG di que en principio van apoiar que a Deputación teña representación nesta asociación, dada a nosa importancia como provincia termal, dado que esta asociación ten como obxecto defender os intereses das cidades termais. A única pega que lle pon a esta adhesión é que se pagase un informe dunha empresa externa, cando se podía ter feito pola propia Deputación ou coa Universidade. En todo caso, reitera o seu apoio á adhesión.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO di que antes houbo dúas mocións sobre a Limia e a deputada Montserrat Lama Nóvoa, que é de alí, ausentouse, e non interveu en ningunha das dúas mocións, e pregúntase para que está aquí, porque veu a este pleno simplemente para atacar ao portavoz do Grupo Socialista. Diríxese tamén ao Sr. Álvarez Dobaño para dicirlle que se contradí, porque fai dous plenos estivo aquí defendendo o porqué das deputacións, e agora co tema da pista de tenis na Gudiña veu dicir que nós estamos aquí para darlle, co que, se a Deputación non aplica ningún criterio, sobra a Deputación basta substituíla por un caixeiro automático. Entrando no asunto do punto da orde do día, di que o seu grupo está totalmente en contra desta proposta de acordo por varias razóns, o primeiro deles, porque xa está o Concello de Ourense nesta asociación, que é unha trapallada, e non ten sentido facer dúas trapalladas. Di que o máis surrealista de todo é que aquí encargouse un informe de 14.000 euros para dicir se nos temos que meter nunha asociación que ten un custe anual inferior a ese prezo. Xa postos a ser surrealista, poderían ter pedido u informe para ver se había que encargar ese informe, e dese xeito isto xa parecería unha película dos irmáns Marx. Di que DO foi o primeiro partido en desmontar o *bluff* do termalismo, e que o termalismo era vangarda hai case un século, pero todo iso foi evolucionando e se foron quedando desfasados cantidade de puntos que no seu día foron vangarda, e quedaron coma iconas unicamente algúns sitios de Europa que son sitios paradisíacos. Pero Ourense non ten ningún sitio desas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

características, e a maior icona termal en Galicia é Mondariz, que está en concurso de acredores. O termalismo converteuse nun pozo de perdas. Aquí tiñamos As Burgas, que eran unha auténtica maravilla, pero maldito o día en que alguén se lle ocorreu o de fomentar o termalismo, porque se gasta moito máis en promover o termalismo do que este xera, dado que se gastan uns 6 millóns de euros entre Xunta, Deputación e Concello de Ourense, e non xera un beneficio por ese importe. Ata tal punto o termalismo é un problema que a zona termal de Outariz non é capaz de manter un bar aberto, e pregúntase cómo pode ser unha fonte de riqueza o termalismo ante datos como este. Di que ir a un balneario é un luxo, e que ven de ouvir un anuncio na radio no que a Deputación finanza estancias en balnearios, e cre que o diñeiro público non está para esas finalidades, para subvencionar luxos. Engade que os balnearios de Lobios, Laias e demais da provincia teñen que pechar varios meses ao ano porque non son rendibles. Di que en *marketing* hai un principio que é que hai que buscar o oco, e por iso está de acordo en potenciar Manzaneda, porque neso somos únicos, igual que defende a idea dun parque acuático en Ourense, que podería ser o mellor do norte de España, e un parque termal de inverno sería único no mundo e si sería unha verdadeira fonte de riqueza. Pero o termalismo actual é o que é, catro charcas, e están moi ben, pero non é petróleo, senón auga fervendo, e o que non son contas, son contos, e as contas non saen se non se pode manter un bar na zona de Outariz, porque o que había xa pechou dúas veces. Engade que non hai ningún estudo científico que avale as propiedades terapéuticas do termalismo. En resumo, o termalismo é o que é, e Ourense non pode competir con eses sitios paradisíacos de Europa nin gastar en promoción máis do que se obtén como retorno, porque senón acabaremos facendo o que acaba de facer o presidente da Deputación, que non se enteira de nada e gasta máis nun informe para ingresar nunha asociación do que custa ser socio, o que cualifica como surrealismo total.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que haberá que falar con Iker Jiménez para que estude o caso desta Deputación, porque non é para menos. Dille ao Sr. Pérez Jácome que o convida ás termas de Prexigueiro en Ribadavia, que dende logo é un lugar paradisíaco, e un exemplo de cómo poden funcionar estas cousas, xestionado a través dunha fundación e cunhas 60.000 persoas ao ano, e curiosamente o único que non está subvencionado por esta Deputación, e alí non só hai un bar, senón que agora, con Plan Xeral de Ribadavia, espérase poder facer un hotel, uns *bungalows* e un restaurante, pero iso funciona

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

porque atrae moita xente e está controlado dende o eido público e cuns prezos accesibles de 5 euros por persoa. Di que en todo caso este asunto é un exemplo de cómo unha cuestión que podería ser boa se converte en obxecto de debate pola incapacidade de xestión do equipo de goberno, como sucede co tema do encargo dun informe de 14.000 euros, que entende que responderá a intereses ocultos, porque hai cousas que entran dentro do paranormal. Da lectura á un pasaxe da acta da comisión informativa, onde se reflicte que o deputado socialista don Adolfo Nóvoa pediu un exemplar dos estatutos da asociación e que a presidenta da comisión díxolle que llos enviaría ao día seguinte, aínda que advertindo que o único exemplar dispoñible está en inglés. Di que si se pagan 14.000 euros, o mínimo é que se entregue o documento nun dos idiomas oficiais desta casa, e di que cando denunciou publicamente este feito a presidenta da comisión, dona Ana Villarino, subliñou a escasa capacidade de debate do portavoz socialista, e en resposta a esta afirmación di que a súa capacidade de debate cre que quedou acreditada, e que conste que o di humildemente. Di tamén que a señora presidenta criticoulle que el denunciase o feito de que os estatutos estivesen en inglés, segundo ela sen entender que esta é a lingua é a lingua oficial da asociación. Dille a este respecto que seguindo esa lóxica se o idioma oficial da asociación chega a ser o esperanto, supón que lles entregarían os estatutos en esperanto e o grupo tería que contratar un tradutor para saber de qué van eses estatutos. Isto é un absurdo e clama ao ceo, e se isto vale 14.000 euros non sabe para qué están os funcionarios desta casa (aínda que algúns estean para pasar polo xulgado, polo que se viu), ociosos mentres se encargan informes e estudos a asesorías externas que ademais entregan documentos en inglés, o que cualifica de tomadura de pelo e un mal uso de recursos públicos. Pide que este expediente quede enriba da mesa, ata que se saiba o que estamos votando, e pregúntase se todos os deputados do PP saben inglés, porque o Sr. Presidente xa sabemos que si, e que o usa cando vai a Washington a falar co secretario de Estado para Euroasia e logo o conta en inglés para que pensemos que o fai moi ben. Pide que se gasten os cartos con criterios, e reitera a súa petición de que isto quede sobre a mesa, ata ter os estatutos no idioma oficial da institución, e dille á presidenta da comisión que as cousas hai que facelas ben, e traer os estatutos como corresponde e que debeu informar na comisión do que custou isto e non agochalo, e engade que pico si, pero pala tamén.

Dona Ana M.^a Villarino Pardo, portavoz do Grupo Popular, agradece ao BNG o seu apoio, e aclara aos tres grupos que o consultor que elaborou a candidatura da Deputación a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

esta asociación foi o mesmo que no seu momento redactou o Plan Ourense Termal, e que proximamente presentará en Madrid, por encargo do Ministerio do Interior, un estudo sobre o turismo termal. Un consultor que en 2009, cando a cidade de Ourense estaba gobernada polo bipartito do PSdG – PSOE e foi fundadora desta situación, tamén traballaba co concello. Di que o consultor realizou un traballo exhaustivo na elaboración da candidatura. En resposta ás críticas do Sr. Pérez Jácome, dille que efectivamente o concello de Ourense está adherido pero na provincia hai dez vilas termais máis, ás que como deputación provincial debemos representar. Dille tamén que o termalismo non é ningún *bluff*, senón un pilar fundamental para o turismo e o desenvolvemento económico desta provincia. Di que o investimento en termalismo repercute tamén no comercio e na restauración, e non só nas estancias hoteleiras, como o Sr. Pérez Jácome ven a insinuar. Dirixíndose ao Sr. Gómez Pérez, dille que a presidenta da comisión é ela, e non a deputada á que se estaba a dirixir anteriormente, e lémbrolla que no ano 2014 máis de 33.000 euros de fondos da Deputación foron para as termas de Prexigueiro. Recoñece que advertiu na comisión que os estatutos estaban en inglés, pero creo que tiveron tempo e recursos para poder traducilos. En todo caso, di que a adhesión á asociación corresponde a unha das liñas estratéxicas establecidas no Plan Ourense Termal, que é a promoción termal a través da participación en redes e o establecemento de alianzas. Esta asociación constituíuse en decembro de 2009, sendo a cidade de Ourense unha das seis cidades fundadoras, xunto con outras como Vichy en Francia, Spa en Bélxica, Bath en Inglaterra ou as cidades italianas de Acqui Terme ou Salsomaggiore, sendo esta última cidade que actualmente exerce a presidencia da asociación. O obxecto da asociación é crear unha rede de vilas de cidades termais que permita impulsar e salvagardar o termalismo. Estas vilas e cidades teñen que cumprir uns requisitos para formar parte da asociación, e estes requisitos foron examinados exhaustivamente na candidatura que a Deputación Provincial presentou ante a EHTTA, que con dispoñer de explotacións de auga mineiro medicinal, posuír patrimonio termal histórico que date do século XIX ou anterior (o que é unha característica diferencial deste tipo de asociacións), dispoñer de equipamentos e infraestruturas para actividades culturais e contar cunha oferta de aloxamento de calidade. Actualmente hai máis de trinta cidades correspondentes a trece países adheridas a esta rede, de aí que a lingua vehicular sexa o inglés. En España xa está representada Galicia, a través da Secretaría Xeral de Turismo, o concello de Ourense, membro fundador, e a Eurocidade Chaves – Verín. Di que esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

asociación é un instrumento importante, un *lobby* para formular candidaturas a proxectos europeos e conseguir financiamento para o termalismo, e nos permitirá ademais estar cos mellores especialistas europeos do sector e cos representantes das principais cidades termais europeas. Explica que hai dúas formas de participar na EHHTA, ben como membro activo (que é como o fan as vilas e as cidades) ou ben como asociado (que é o que fará a Deputación, para representar ás nosas vilas termais). Di que a EHTTA foi designada polo Consello de Europa como itinerario cultural europeo, e a principal ruta deste itinerario é o camiño de Santiago, polo que estar presente neste itinerario é moi importante en termos de promoción e de alianzas. En definitiva, trátase de impulsar o desenvolvemento das vilas termais e salvagardar o seu patrimonio arquitectónico, mediante o intercambio de experiencias e boas prácticas a nivel europeo. Ourense é a provincia de España con máis concellos que son vila termal, e por iso é tan importante que a Deputación os represente, e anuncia que no vindeiro mes de maio traerase a este pleno o retorno da Deputación á Sección de Municipios Termais da FEMP, tal e como se recolle no cronograma do Plan Ourense 15 – 19.

Don Gonzalo Pérez Jácome di que se acaba de explicar que o concello de Ourense é socio fundador, e se é socio fundador qué mellor consultoría que preguntarlle ao concello se paga a pena integrarse nesta asociación, no canto de encargar un informe de 14.000 euros. Pregúntalle a dona Ana M^a Villarino cal é o custe anual de pertencer á asociación, porque cre que son sobre 3.000 euros.

Dona Ana M^a Villarino Pardo di que a cota este ano é de 3.500 euros.

Don Gonzalo Pérez Jácome pide entón que lle expliquen, se isto custa 3.500 euros ao ano, cómo se gastan 14.000 nun informe que daría para estar catro anos gratis, non ten sentido, isto é como ir a reparar un coche e que che dean un presuposto de 1.000 euros e encargar entón un informe de 5.000 euros para ver se paga a pena reparar o coche, e di que logo o que ten fama de tolo e el, cando hai que ver o que fixo este elemento, en referencia ao Sr. Presidente, e di que non lle estraña que o pillara a tipa esa coas gravacións, porque máis parvo non pode ser, o malo é que no fai pagar o pato das súas parvadas ao resto dos ourensáns. Engade que vai falar co concello de Ourense, que é socio fundador, para que non se admita á Deputación, porque é un favor que se lle faría á Deputación, que non a admitisen na asociación, porque é unha tomadura de pelo. Di que o termalismo non é unha fonte de riqueza, senón de pobreza, porque xera máis gastos dos ingresos que se obteñen. É certo que ven xente,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

e gasta en hoteis, e restaurantes e comercios, pero eses ingresos non son abondo para cubrir os gastos producidos tanto na creación de infraestruturas subvencionadas como na perpetua promoción do termalismo. Insiste en que o termalismo é deficitario, o que non quere dicir que o vaia ser no futuro, si se enfoca doutro xeito, pero actualmente o é. Di que esta mañá romperá os estatutos da EHTTA, porque xa sabía que isto era unha trapallada (e de feito, DO ten pendente efectuar unha xira por estas cidades europeas, precisamente para demostrar que o do termalismo é un *bluff*) pero acaba de recoller os fragmentos deses estatutos en inglés, porque se puxo a buscar algunha palabra que o Sr. Presidente non entenda (afirma, neste senso, que el sabe máis inglés que o Sr. Presidente, e que mide o seu nivel de inglés por referencia ao Sr. Presidente e pode dicir que sabe máis inglés que José Manuel Baltar) o que sucede é que non é un texto no que haxa palabras difíciles, porque se ve que a asociación poderá excluír a calquera membro que estea en bancarrota, e o certo é que aquí si estamos en bancarrota en materia termal, porque si se retiran as subvencións a bancarrota sería total, e non hai máis que ver o que pasou en Mondariz, polo que só artificialmente non estamos en bancarrota. Ou sexa, imos meternos nunha asociación que non quere organismos que non produzan beneficios, como é o caso do termalismo de Ourense. Total, que isto é unha trapallada e surrealismo total.

Don José Ignacio Gómez Pérez di que, para sorpresa dalgunha deputada, el falaba doutra deputada que preside unha comisión da que el forma parte, e non estaba a falar deste asunto concreto cando se refería a ela. Di que non lle vale a escusa da señora deputada de que si tiveron tempo ou recursos, porque no expediente ten que haber unha tradución oficial, porque senón cada un pode interpretar o que lle pareza, e gustaríalle que o Sr. Secretario informase sobre esta cuestión. Di que se non se deixa enriba da mesa, absteranse neste asunto, no que votarían a favor de non ser por todas estas cousas que detectaron, e pola escuridade con que se tratou este asunto para favorecer a amiguetes. Cre que este tipo de cousas só van servir para que o Sr. Presidente poida viaxar máis a miúdo.

Dona Ana M^a Villarino Pardo dille ao Sr. Jácome que o informe é necesario para poder formular a candidatura, e que xa no 2009 o bipartito en Ourense traballaba con este mesmo consultor, que tivo que analizar os recursos termais da provincia, os servizos relacionados, os eventos culturais así como as infraestruturas correspondentes e detallar os aloxamentos de tres a cinco estrelas cos que conta a provincia. En alusión ao Sr. Gómez Pérez

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

di que xa explicou o que era e para qué servía esta asociación, co que o do inglés non é máis que unha escusa para non apoiar a adhesión a esta asociación.

As intervencións transcritas recóllense integramente no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do BNG (1), o voto en contra dos Deputados de Democracia Ourensana (2) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8), o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense, como membro asociado, á EHTTA (*European Historical Thermal Town Association*)

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos estatutos desta organización, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representante desta Deputación nos órganos de goberno da citada asociación ao Presidente da Deputación ou deputado/a no que este delegue.

11º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS DO GRUPO PROVINCIAL DEMOCRACIA OURENSANA Á MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2016 E APROBACIÓN DEFINITIVA.-

A Sra. interventora explica que para poder dar aprobación definitiva á modificación orzamentaria é preciso resolver as alegacións do grupo provincial de Democracia Ourensana.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que discrepa do grupo que formula a emenda no relativo ás competencias da Deputación, porque entenden que esta institución ten competencia para dar resposta ás necesidades e intereses da provincia se produzan onde se produzan. Di que o seu grupo se conformaría con que se lle desen explicacións de por qué é necesario pagar a un intermediario nas relacións con outras administracións e cales son os froitos tanxibles que esa misión comercial nos EE.UU deu ou dará para a provincia, e polo tanto cal foi o balance, e a partir de aí valorarían se merece

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

a pena ese desembolso económico, pero como non houbo explicación algunha e as sombras de dúbida sobre a verdadeira razón da viaxe do Sr. Presidente a USA son excesivamente alongadas e por outros motivos votaron no seu día en contra do expediente. Por esta mesma razón, e en coherencia co debate aquí producido, vanse abster no relativo a esta alegación, porque non só están en contra do destino deses fondos senón do expediente no seu conxunto, e votar esta alegación sería votar parcialmente en contra do expediente, e loxicamente si se vai votar a aprobación definitiva do expediente, van votar en contra.

Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO, dille á deputada dona Ana M^a Villarino que si se necesitaba un informe para adherirse á EHTTA, podía facelo alguén da Deputación, como dixo o portavoz socialista, e en ningún caso se xustifica o *cravo* de 14.000 euros, que segue a ser por tanto unha auténtica tomadura de pelo. Di que en política, se hai algo que non se supera nunca é o ridículo, e o Sr. Baltar parecía que non ía superar o do hotel Francisco II, pero a súa actuación viral co que saíu na televisión co tema de Juan Verde é un ridículo que vai tardar moito en superar. Di que seguimos coa táctica Urdangarín, que é a de utilizar informes, pero a pregunta é se o diñeiro que se gasta vai ao que fai o informe, pero seguramente, por desgraza, o diñeiro non va só para o que fai o informe, senón que seguramente volve por outro lado e sempre os que perden son os ourensáns. Di que isto de Juan Verde e a Fundación Advanced Leadership ten toda a pinta de ser como a película de *¡Bienvenido, Mr. Marshall!*, porque se ese Juan Verde fose realmente alguén de peso cos ianquis conseguiría que José Manuel Baltar non tivese a entrevista cun tipo que non era o encargado de Euroasia en temas de comercio, co que o primeiro *puf*o xa llo meteu a José Manuel Baltar facéndolle facer o ridículo ante toda Galicia, saíndo no vídeo dicindo que se ía entrevistar co encargado de comercio en Euroasia e resulta que o tipo o que fixera, entre outras cousas, era controlar os tubos de soldadura de carbono que viñan do Paquistán, un tipo que dicían que era o que facía as fotocopias, ou sexa, si Juan Verde non foi capaz de conseguirlle ao Sr. Presidente unha entrevista nos EE.UU con alguén de peso, entón o primeiro pau xa lo meteu ao Presidente, ao que tomou por parvo nada máis velo, e non é que vaia estafar aos ourensáns, e que estafou ao Sr. Presidente, conseguíndolle unha entrevista cun *don nadie*. Pregúntalle ao Sr. Presidente como é que se tan *conseguidor* é don Juan Verde, que vai reflotar a economía dos ourensáns, como é que a empresa do sogro leva catro anos en números vermellos, é máis,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

ao propio sogro xa o destituíron como xerente de Adolfo Domínguez, e coincide precisamente coa aparición en escena desta persoa. Entrando no tema das bolsas, di que en EE.UU. non hai que pagar por facer prácticas, que lle pagan a un por facelas, e vaise destinar decenas de miles de euros para oito ou nove persoas ás que lles vai saír a 14.000 euros a cada un deles, cando é ao revés, nas bolsas en EE.UU lle pagan a un e non hai que pagar para facer prácticas. Di ademais que a Deputación non debería facer estas cousas, non debería ter criterios para asignar bolsas, porque para iso xa está quen ten competencias en educación, que é a Xunta, e non o Presidente, que non sabe diso e que o único que le importa é saír nas fotos, como fixo o outro día, que montou toda unha trapallada para irse sacar un *selfie* con Marta Sánchez, para presumir diante dos amigos, e pregúntase se é que pensa que os ourensáns somos parvos, e dille que iso o reserve para os do PP, que son parvos porque o apoian, e engade que mire cómo o Sr. Álvarez Dobaño non lle quixo ir para reprobar ao portavoz do Grupo Socialista, e tivo que mandar aos *don nadie*, como a Sra. Lama Nóvoa, que despois cando ten que falar do da Limia quédase calada e non fala nada e fala un de Salvaterra de Miño, e pregúntalle á Sra. Lama Nóvoa porque lle fai o xogo sucio ao Sr. Baltar, e logo di que ela está en política polo seu valor, e será polo seu valor de obedecer todo, porque esas son as súas credenciais. Di que o seu grupo formulou esta alegación porque queren evitar que se tiren ao lixo 300.000 euros, porque o que máis amola é que se perdan porque veña un *jetas* e nolos quite ríndose de nós, un tipo que ademais xa fixo esta operación en Marbella e Xibraltar, e que ven baixo palio dicindo que é asesor de Obama, e di que sería un voluntario da campaña de Obama como miles que tivo. Remata dicindo que os deputados do Grupo Popular serán responsables e cómplices do timo da estampíña se votan en contra da súa alegación.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que compartindo o espírito do manifestado polo portavoz do BNG respecto desta alegación, si que entenden que a alegación ten cabida por unha razón, porque isto é unha tomadura de pelo e a eles aínda non lles chegou a demanda da fundación do Sr. Verde, anunciada a bombo e *platillo*, e se a presenta en todo caso alí estarán para dicir o que teñan que dicir, e aproveitar de paso para preguntarlle se o da misión en Xibraltar era para estudar o dos monos. Anuncia que votarán en contra da aprobación definitiva do expediente, a reserva do que poida dicir o Grupo Popular ao respecto. Non vai incidir máis no tema, porque é como

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

xa explicou o portavoz de DO, un caso de malgasto de cartos públicos, por non dicir unha cousa máis grave, e despois botaráselle a culpa a quen pasaba por aí, e a culpa realmente é de quen fai este tipo de ocorrencias que só serven para ir pasear, escapar desta Deputación e entrevistarse co pobre Steve Jones que a verdade non sabe qué culpa pode ter o pobre home, pero o dos tubos ao mellor está relacionado co termalismo, porque outra explicación non lle atopa. Polo exposto, á espera do que diga o Grupo Popular, votarán nunha medida ou noutra.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Jácome que el non se contradixo en ningún momento no tema da subvención nominativa da Gudiña. Di que as subvencións nominativas teñen carácter excepcional e non se conceden por capricho, nin moitísimo menos, senón unha vez valoradas unha serie de circunstancias políticas, técnicas, económicas e sobre todo sociais, e polo exposto pide unha vez máis respecto á autonomía municipal, e advirte que seguramente o alcalde da Gudiña e outros veciños do pobo (porque senón non se lle ocorrería ao alcalde solíciala) non estarían de acordo con Sr. Jácome, o que é lexítimo. Dille que van desestimar as súas alegacións, como non podía ser doutro xeito e consta na proposta da Presidencia. Di que esta misión comercial (que no seu conxunto supón un custe opara a Deputación Provincial dun 0,38 % do orzamento, que se lle engadimos estes expedientes de modificación de créditos que tanto lle preocupan ao Sr. Rodríguez Suárez sería moitísimo menos) está certificada por unha carta da Embaixada do Sr. Secretario de Estado para España do Departamento de Comercio, documento que exhibe e que pon a disposición dos grupos políticos. Esta misión organízase previa conformidade da Cámara de Comercio, da Confederación de Empresarios e tamén de determinados empresarios a título particular, e en ningún caso foi unha decisión unilateral da Deputación nin do seu presidente. Trátase de explorar con esta misión posibilidades de negocio para as nosas empresas, sen ánimo de pisar competencias doutras administracións públicas e moito menos de entorpecer o seu labor. O que se pretende única e exclusivamente é colaborar coas nosas empresas en tempos especialmente difíciles. Di tamén que dende que saíu á luz esta iniciativa chamaron a esta Deputación moitas empresas do sector do viño, da madeira e outras, e queren estar aí, e dille ao Sr. Gómez Pérez que tamén chamaron varios responsables políticos doutras deputacións gobernadas polo PSdG-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

PSOE. Di que da a impresión de que os grupos da oposición se burlan de todo e aportan máis ben pouco. Pídelles que teñan paciencia e esperen resultados.

Don Ramiro Rodríguez Suárez di que como xa dixo cando se trato este asunto nun pleno anterior, hoxe de novo se fixeron afirmacións que considera deberían ter algún tipo de resposta por parte do grupo de goberno, e di que tamén el está agardando por esa denuncia do Sr. Verde, que anunciou que ía denunciar a todos os portavoces da oposición, non sabe por qué e supón que lle debeu chegar a información distorsionada polo camiño, porque nin sequera se referiu a el polo seu nome. Cre que gran parte do problema obedece á absoluta falla de iniciativa do grupo de goberno para dar información cando se lle pediu pola oposición, porque é que ademais sistematicamente se negaron, por activa e por pasiva, a dar información ao respecto, e non entende o porqué, nun tema aparentemente tan pouco problemático e cando o Sr. Presidente si deu explicacións noutros foros. Reitera o seu voto en contra da aprobación definitiva do expediente.

Don Gonzalo Pérez Jácome dille ao Sr. Álvarez Dobaño que se lle parece pouca paciencia o levar tres décadas aguantando á familia Baltar. Di que ese argumento é absurdo, esperar a ver cómo sae a cousa e despois criticar, porque se ven que un se vai esnafrar ou vai malgastar os cartos ou vai ser un auténtico fracaso teñen que criticar iso e despois terá o Sr. Álvarez Dobaño que demostrar se estaban equivocados. Di que é increíble cómo relativiza as cousas, porque se van tirar 300.000 euros dos ourensáns e di que só é o 0,38 % do presuposto, porque segundo iso calquera cantidade que se malgaste se expresa nunha porcentaxe e é moi pouquiño, non pasa nada. Di que iso é xogar ao despiste, a técnica do arenque vermello, e non lle vai funcionar coa xente normal. Di que se realmente isto vai ser rendible o que hai que facer é non limitarse aos ianquis e organizar misións comerciais por todo o mundo, e isto sería un maná. Di que é posible que cando veñan aquí os ianquis algunha operación saia, só faltaría que non saíse algunha; pero é moi posible que nunca compense o gasto que se fai, porque para que fose rendible habería que conseguir que se facturasen 4 o 5 millóns de euros, para que os beneficios compensen eses 300.000 euros. E logo, se isto fose interesante tampouco era necesario facelo a través dun intermediario *jetas* porque na Deputación hai funcionarios (porque estatisticamente, en 800 empregados públicos ten que haber 80 *cocos*, e hai que aproveitar ese potencial), e hai Cámara de Comercio e pódense solicitar os seus servizos. Insiste en que isto é unha tomadura de pelo,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

non hai por onde collelo e imos ser vítimas do timo da estampíña, cousa que como membro da Corporación non lle gusta.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que aquí se dixo que se espere para criticar, pero é que cando algún critica isto logo repróbano, só falta que o leven ao paredón por criticar. Dille que os representantes doutras deputacións tamén falaron con el, e cando explicou o que pasara con este tema e que logo o ían reprobar por crítico e logo viron o vídeo do Jácome xa lle dixeron que non querían saber nada dese asunto. Di que eles non se ríen da institución, que aquí o único que se ríe é o *boy scout*, O Sr. Presidente que anda todo o día como Dora a exploradora, para arriba e para abaixo, a conta de todos nós; entre outras cousas, porque se critican o malgasto de 300.000 euros é porque ese é un tema serio, porque dende logo el nunca viu xunto, nin cre que o vaia ver na súa vida, tanto diñeiro. Con respecto á porcentaxe de gasto que supón, si que o PP fala sempre de porcentaxes moi habilmente, pero o certo é que cando se fala de porcentaxes como o 0,7 % que ten que poñer o Estado para cooperación con ONG's, que é unha porcentaxe pequena pero son moito cartos, ás veces nin o cumpre. E non se trata de porcentaxes, senón de facer as cousas medianamente ben. Para rematar, di que hai un xeito sistemático de facer as cousas aquí que parece que consiste en tratar de amedrentar a quen se opón, e cre que hai unha obsesión coa súa persoa, porque cando foron ao Foro de *La Región* a ver ao alcalde de Vigo acercóuselle un representante dunha desas empresas a recriminarlle que os do PP lle dixeran que el cargara contra elas, e xa lle explicou que o informaron mal, que non foi el, porque foi o Sr. Jácome, en todo caso, e cre que non se parecen fisicamente. O que quere dicir é que non se debe tratar de amedrentar á xente con ese tipo de cuestións.

Don Plácido Álvarez Dobaño di que esas alegacións son puramente políticas, e carecen de fundamento xurídico conforme ao artigo 172 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e polo tanto con estas iniciativas non se persegue o ben da provincia, se busca o que se busca, facer barullo e se é posible ruído mediático e canto máis mellor, o que é lexítimo, pero é bo dicilo. Dille ao Sr. Pérez Jácome que non é de recibo ridiculizar a determinadas empresas e en especial a unha empresa pequena e humilde como é Cañas de Maside, que foi motivo de burlas nesta institución, máis ou menos ocorrentes pero en todo caso de mal gusto, e é unha empresa que ten relacións comerciais con EE.UU., con todos os permisos necesarios e con liñas de negocio en Miami e noutras cidades, e pon a disposición

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

dos grupos políticos toda a documentación que acredita a realidade destes feitos. Recomendálles que se asesoren antes de criticar e sobre todo antes de ridiculizar determinadas iniciativas, veñan de onde veñan, e pídelles que sexan respectuosos coas argumentacións, porque non pode valer todo en política, e máis nos tempos que corren, porque xulgan e condenan calquera iniciativa antes de ver os seus resultados, e están no seu dereito pero cre que non é o correcto. Lembra que o que se destina a esta iniciativa é o 0,38 %, como podía ser a outra, e pregúntase cal é o argumento serio que teñen para dicir que isto é un fracaso. Reitera a súa petición de paciencia, e dille ao Sr. Pérez Jácome que esta paciencia non ten que ver coa que fixo referencia el na súa intervención, porque esa é o resultado da decisión dos cidadáns da provincia, que foron os que fixeron que o presidente anterior e o actual estivesen tanto tempo nos seus cargo, polo que pide respecto polo espírito democrático. Pero a finalidade da oposición é a que é: ruído mediático. Remata a súa exposición exhibindo unha caixa de doces de Cañas de Maside, por cortesía da empresa, e di que ao final do pleno están todos convidados a degustalas.

As intervencións transcritas recóllense integramente na vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Desestimar as alegacións formuladas polo grupo provincial Democracia Ourensana por tratarse dunha cuestión simplemente política e carecer de fundamento xurídico posto que a reclamación formulada non entra dentro de ningunha das causas establecidas no artigo 170.2 da Lei de facendas locais que regula este tipo de reclamacións administrativas.

2.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación de créditos n.º 2/2016 e proceder á súa publicación no BOP.

12º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente informa que non consta a presentación de ningunha moción de urxencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo non presentou ningunha moción para este pleno, pero advirte que non van tolerar que se siga coartando a súa liberdade como grupo opositor, e polo tanto, ou se revoga a circular da Presidencia que fala de que temos que levar dúas mocións, ou máis, as que queiramos, ás comisións (onde por certo os deputados do PP non traballan, porque se non están don Plácido ou don Rosendo ao rescate non sabemos nin de que falamos) ou advirte que xa podemos ir encargando un *catering*, porque o vindeiro pleno non imos estar aquí hasta as 14:15 horas, pero ao mellor imos a estar moito máis tempo. e hai que facer un receso para comer, porque estamos dispostos a traer as moción por urxencia que fagan falla. Polo tanto, si se seguen a crear problemas onde non os había – porque aquí todo xurdiu por unha moción relativa a un asunto que o Sr. Presidente considera persoal e que hoxe quedou xa claro que non o é, porque a ver por qué está senón citado como investigado o xefe do Servizo de Recursos Humanos desta institución – eles manterán esa actitude, porque son quen de traer tódalas mocións que estimen convenientes e botar aquí todo o tempo que sexa necesario.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o seu grupo en ningún caso pretende entorpecer o labor da oposición, senón simplemente darlle contido ás comisións informativas, como xa se explicou, e que na medida do posible os asuntos que non son urxentes que non se vistan de urxentes, porque se temos comisións os mércores e xoves da semana anterior ao pleno, e cos asesores e dedicacións de que dispoñemos, cre que nun mes se pode ter claro qué propostas e mocións se poden presentar con anterioridade ás comisións para poder ser debatidas e ditaminadas. E logo ninguén di que non se poidan presentar mocións por urxencia, porque a Lei o permite, pero que sexan urxentes, e non que se vistan de urxentes con certa habilidade política para conseguir o efecto sorpresa e que os demais grupos non teñan tempo de estudala debidamente.

Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG, di que na súa opinión isto enmárcase na obsesión do equipo de goberno por cambiar cousas que non estaban avariadas e funcionaban ben, como o tema do acceso aos plenos, como o tema da presentación de mocións, no que había un acordo político que se viña cumprindo satisfactoriamente. Di que o seu grupo seguirá traballando politicamente con independencia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

desa circular de Presidencia, conforme ao que consideren de interese para os cidadáns, traendo mocións por razóns de urxencia cando o estimen oportuno e facendo un caso relativo da circular, que en nada vai afectar ao funcionamento do seu grupo.

Don José Ignacio Gómez Pérez di que non dubida da boa vontade do Sr. Álvarez Dobaño pero si da mala vontade do Sr. Presidente, porque isto se enmarca nas ocorrencias que estaba comentando o portavoz do BNG, de crear problemas onde non os había, e o único problema real é o Sr. Presidente e a partir do momento en que non estea seguro que isto volve á normalidade. Di que se hai que cambiar algo, que se cambie o Regulamento, pero todo, para evitar tamén outro tipo de *triquiñuelas* políticas que se fan. Remata dicindo que se non queremos normalidade seguiremos instalados nesta situación que non beneficia a ninguén.

As intervencións transcritas recóllense integramente no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

13º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE DELEGACIÓN EN DON PABLO PÉREZ PÉREZ A REPRESENTACIÓN DA PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN NO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO.

O Sr. presidente dá conta do seguinte decreto:

“D E C R E T O: Ourense, 19 de abril de 2016

De conformidade cos estatutos do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, aprobados por Decreto 67/2015, do 30 de abril (DOG do 8 de maio de 2015), a persoa titular da Presidencia da Deputación Provincial é membro do Pleno do dito consorcio, podendo delegar a súa representación nun deputado ou nunha deputada.

Tendo en conta que por Decreto do 16 de xullo de 2015 se designou a don Pablo Pérez Pérez como deputado delegado, entre outras, en materia de cooperación coas entidades locais, e sendo o Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento unha fórmula institucional de cooperación, considérase conveniente delegar no dito deputado a representación da Presidencia Deputación Provincial no citado consorcio.

Polo exposto *DISPOÑO:*

1º.- Delegar en don Pablo Pérez Pérez, deputado delegado da área de cooperación e seguimento do plan do mandato 2015-2019 e membro da Xunta de Goberno desta Deputación, a representación da Presidencia da Deputación Provincial no Consorcio

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, con efectos do día da data.

2º.- Ordenar a publicación desta resolución no BOP e darlle conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”.

A Corporación queda informada.

14º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de marzo de 2016 e 2º adicional novembro e 2º adicional decembro 2015, e 1º adicional febreiro de 2016.
- Deputado delegado de Facenda: mes de marzo, 3º de decembro de 2015 e 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de marzo de 2016, e 1º adicional de febreiro de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de marzo de 2016.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

15º.A) RESPOSTAS DA PRESIDENCIA ÁS PREGUNTAS PRESENTADAS POR REXISTRO PARA A SÚA CONTESTACIÓN ORAL EN PLENO.

O Sr. presidente manifesta que, en primeiro lugar, trataranse as preguntas que foron presentadas no rexistro para a súa contestación oral no Pleno, conforme establece o Regulamento Orgánico, e que se conteñen nun total de nove documentos, cada un con varias preguntas relacionadas entre si.

O primeiro documento (n.º rexistro 11.190), **do deputado Sr. Gómez Pérez**, e solicita que se responda ás seguintes preguntas:

1ª) ¿Qué medidas se puxeron en marcha por parte da Presidencia para dar resposta aos compromisos de levar a cabo as actuacións de limpeza e reparación nas instalacións de regadío veciñal nos pobos de Prexigueiro e Francelos, solicitados pola Corporación de Ribadavia co apoio de todos os grupos políticos?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

O **Sr. presidente** responde que se deu conta da petición e se solicitou informe aos servizos técnicos da administración provincial.

2ª) ¿Cal é a previsión de acometer e rematar estes traballos co obxecto de que entren en servizo as instalacións antes do período de rega?

O **Sr. presidente** responde que está en estudo a solución, trasladándolle as propostas que leven os servizos técnicos.

O segundo documento (n.º rexistro 11.989), **do deputado Sr. Gómez Pérez**, e solicita que se responda ás seguintes preguntas:

1ª) ¿Por qué razón o presidente non dá cumprimento ao previsto no Código Ético para garantir que a súa conduta cumpre cos principios de integridade, transparencia, honestidade, entre outros?

O **Sr. presidente** responde que cumpre estritamente e rigorosamente o Código Ético e de Conduta desde o seu preámbulo ata a disposición adicional sexta, lembrando que nese código existe un artigo trece.

2ª) ¿Por qué razón o presidente non dá cumprimento ao previsto no referido código da rendición de contas desas cuestións?

O **Sr. presidente** responde que cumpre estritamente e rigorosamente o Código Ético e de Conduta desde o seu preámbulo ata a disposición adicional sexta, lembrando que nese código existe un artigo trece.

3ª) ¿Por qué razón non responde á cuestión de absterse en conflitos de interese entre o posto público de presidente e a súa actividade ou intereses privados?

O **Sr. presidente** responde que cumpre estritamente e rigorosamente o Código Ético e de Conduta desde o seu preámbulo ata a disposición adicional sexta, lembrando que nese código existe un artigo trece.

4ª) ¿Cómo vai restablecer o funcionamento do Comité de Ética e o cumprimento do Código Ético aprobado polo Pleno?

O **Sr. presidente** responde que será co mecanismo que establece o propio Código Ético

O terceiro documento (n.º rexistro 12.052) **do deputado Sr. Gómez Pérez**, e solicita que se responda oralmente ás seguintes preguntas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

1ª) ¿Cales foron as relacións do presidente da Deputación coa asociación AUSBANC?

O **Sr. presidente** responde que as ditas relacións consistiron en asinar un decreto, con data 15 de maio de 2013, para a prestación de servizos de asistencia xurídica a persoas titulares de participacións preferentes.

2ª) ¿Qué cantidades foron satisfeitas pola Deputación a esta organización?

O **Sr. presidente** responde que foron 21.780 euros, como así consta en dous decretos (un do 18 de outubro de 2013, por importe de 14.520 euros e outro do 31 de decembro de 2013 por importe de 7.260 euros), ambos asinados polo vicepresidente.

3ª) ¿Cales foron os criterios para escoller a esta organización?

O **Sr. presidente** responde que en primeiro lugar se acudiu ao Colexio de Avogados e dado o seu rexeitamento a facelo, acudíuse a AUSBANC, e na páxina 2 do informe - proposta de contratación, asinado polo secretario xeral da Deputación, propónse a consulta e negociación con AUSBANC Consumo (Asociación de Usuarios de Servizos Bancarios). As razóns pola que se levou a cabo esta consulta son as seguintes: a) En primeiro lugar, por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro, especializada na defensa dos dereitos dos usuarios dos servizos bancarios, cunha longa traxectoria e experiencia suficiente neste eido. b) En segundo lugar, o feito de tratarse da única asociación de consumidores especializada en banca de que temos noticia con delegacións abertas na provincia de Ourense (en concreto, nas localidades do Carballiño e Ourense capital). A outra asociación existente de que temos coñecemento – ADICAE – carece, segundo a información contida na súa propia web, de delegacións na provincia, o que fixo descartar esta opción.

O cuarto documento (n.º rexistro 12.084) do **deputado Sr. Bautista Carballo**, e solicita que se responda ás seguintes preguntas:

1ª) ¿Cal é a conclusión dos informes técnicos para unha actuación integral na estrada Viana do Bolo - Vilariño de Conso - Manzaneda - A Pobra de Trives e cal é a valoración económica e as fases nas que se prevé executar os diferentes tramos?

O **Sr. presidente** responde que o Sr. Bautista Carballo conta co informe do xefe do Servizo de Vías e Obras, de data 5 de outubro de 2015, e que se cifra en 19.440.000 euros o investimento necesario nos 38 quilómetros e 457 metros de lonxitude desta vía.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

2ª) ¿Qué actuacións están para contratar e cal é a previsión de inclusión na programación de actuacións na rede viaria provincial para este ano e futuros exercicios?

O **Sr. presidente** responde que neste momento se pretende a toma de datos de toda a vía coa posta en marcha dun catálogo visual, segundo informan os servizos técnicos da administración provincial.

3ª) ¿Qué programación ten ideada o Sr. presidente da Deputación para levar a cabo as actuacións de mellora e reforma da estrada OU-0701?

O **Sr. presidente** responde que aquelas que propoña tecnicamente a Área de Infraestruturas de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias, tal como establecía o acordo plenario adoptado ao que se fai referencia na pregunta.

O quinto documento (n.º de rexistro 12.179) **do deputado Sr. Gómez Pérez**, e solicita que se responda ás seguintes preguntas:

1ª) ¿Cal é a situación procesual do presidente da Deputación Provincial neste momento?

O **Sr. presidente** responde que José Manuel Baltar Blanco ten a condición procesual de investigado.

2ª) ¿Considera coherente manter o cargo de presidente cos principios de integridade, transparencia, honestidade previstos no Código Ético e de Conduta dos cargos desta Deputación cos feitos coñecidos nos actos xudiciais e gravacións coñecidas pola opinión pública?

O **Sr. presidente** responde que o considera absolutamente coherente.

3ª) ¿Cómo pensa afrontar as responsabilidades políticas relacionadas con este caso?

O **Sr. presidente** responde que seguindo a dedicar todo o seu esforzo ao goberno provincial.

O sexto documento (n.º de rexistro 12.180) **da deputada Sra. Lama Fernández**, e solicita que se responda á seguinte pregunta:

¿Ten pensado o presidente da Deputación Provincial de Ourense seguir empregando o “glifosato” como herbicida nas estradas da competencia desta Deputación ao longo deste ano?

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

O **Sr. presidente** responde que el non emprega o glifosato, e se se refería á Deputación Provincial ou aos seus servizos técnicos responde que teñen pensado actuar de conformidade coas propostas que eleven estes.

O sétimo documento (n.º de rexistro 12.229), **do deputado Sr. Gómez García**, e solicita que se responda ás seguintes preguntas en relación co convenio que se asinou coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

1ª) ¿Ten a Deputación as memorias valoradas destas obras?

O **Sr. presidente** responde que na cláusula terceira dese convenio se establece que as memorias valoradas serán achegadas pola Consellería de Educación, temos a relación das actuacións ás que lles corresponde facer fronte esta Deputación, un investimento en catorce centros da provincia por importe de 321.892 euros.

2ª) En caso de que se teña ¿en qué consisten as ditas obras?

O **Sr. presidente** responde que as que lle corresponde acometer á Deputación son: en Allariz, no Colexio Padre Feijóo, dobres ventás do edificio principal; en Beariz tamén dobres ventás no edificio principal; en Celanova, no Colexio Curros Enríquez, as ventás e a cuberta; en Cortegada, no Colexio Otero Novás, falsos teitos e luminaria; en Cualedro, a creación de zona infantil de xogos; en Entrimo, a impermeabilización da fachada do patio interior e luminarias; en Ourense, no Centro Manuel Sueiro, peche parcial da pista e adaptación; en Ourense, no Mestre Vide, dobres ventás; en Monterrei, no Colexio de Medeiros, carpintería exterior; en Muíños, Colexio Valle Inclán, acondicionamento de pista polideportiva exterior; en San Amaro, Colexio Eulogio Gómez Franqueira, aseos para nenas e fontanería; en Rairiz de Veiga, Colexio Carlos Cid Arregui, reparación do tellado do ximnasio, portas e chan da cociña; en Vilar de Barrio, arranxos no pavillón e en Xunqueira de Ambía, Colexio Padre Crespo, portas exteriores.

3ª) ¿Quen decidiu os colexios nos que se efectúan as ditas obras: Deputación, colexios, Consellería?

O **Sr. presidente** responde que as valoracións e as propostas de actuación foron realizadas polos servizos técnicos da Xunta de Galicia. A maiores informa que o colexio de Castrelo do Val tamén está incluído, coas obras de instalación de fontanería e carpintería exterior, por importe de 16.000 euros.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

O oitavo documento (n.º de rexistro 12.230) **do deputado Sr. Gómez Pérez**, e solicita que se responda oralmente ás seguintes preguntas, en relación cunha reclamación patrimonial pola construción dun campo de fútbol de herba artificial ante esta Deputación e a Confederación Hidrográfica Miño - Sil, reclamación que se fixo baseándose nun informe da Secretaría Xeral da Deputación.

1ª) ¿Ten estudado o presidente esta reclamación?

O **Sr. presidente** responde que entrou por rexistro o día 13 de abril e está sendo estudada polos servizos técnicos.

2ª) ¿Cómo a vai afrontar e que resposta se vai dar na parte que lle corresponda á Presidencia da Deputación?

O **Sr. presidente** responde que do xeito que propoñan os servizos técnicos da administración provincial.

O noveno documento (n.º de rexistro 12.232) **do deputado Sr. Gómez Pérez**, e solicita que se responda oralmente ás seguintes preguntas:

1ª) ¿Qué relación económica houbo entre o ámbito do presidente co financeiro Mario Conde, quen de novo ten que dar conta á xustiza por gravísimos delitos como evitar o pago de impostos que financian servizos públicos, entre eles os desta Deputación?

O **Sr. presidente** responde que non houbo nin hai ningunha relación económica nin tampouco política.

2ª) ¿Cal é o importe e uso de fondos desta Deputación e uso de locais na promoción de Mario Conde?

O **Sr. presidente** responde que cero euros.

3ª) Cando pensa aplicarse a si mesmo, o presidente da Deputación, o previsto no Código Ético sobre dar conta e asumir responsabilidades e absterse de actividades que supoñan conflito de intereses?

O **Sr. presidente** responde que cumpre estritamente e rigorosamente o Código Ético e de Conduta desde o seu preámbulo ata a disposición adicional sexta, lembrando que nese código existe un artigo trece.

15.B. PREGUNTAS ORAIS FORMULADAS POLOS DEPUTADOS NO PLENO

Na sesión plenaria, formuláronse as seguintes preguntas:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

1ª) D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, di que no día onte, tivo lugar a inauguración do campo de herba artificial de Maceda, concreción da que fora unha petición da anterior corporación, e non hai nada que obxectar ao respecto desta cuestión, agás que o custo desta infraestrutura é de trescentos mil euros, cantidade que supón para a maioría dos concellos da provincia o 50% do seu orzamento. A verdade é que isto dos campos de fútbol para algunhas persoas non é un mal negocio, e se non que llo pregunten a unha empresa que se chama Mondo Ibérica, que fixo trinta en Pontevedra por valor de 8,1 millóns de euros, adxudicados pola Xunta de Goberno da Deputación que presidía o actual presidente da Federación Galega de Fútbol, Rafael Louzán. O de onte, coa presenza do seleccionador da selección española de fútbol, incluía tamén o descubrimento dunha placa que dá nome a unha rúa, foi un máis deses actos nos que o Sr. presidente se sente pleno. Non foi un acto para gabar a figura de Vicente del Bosque, senón un acto para maior gloria do presidente dalgúns dirixentes do PP, buscando a foto ao rebufo dunha persoa moi coñecida en todo o Estado. Seguramente non será o mesmo se viñese calquera deportista de elite galego ou persoa senlleira do deporte galego, porque a repercusión non sería a mesma. Simplemente non ten nome. Os que se queixaban de que nas Galescolas se aleccionaban aos nenos e nenas non tiveron o máis mínimo reparo en paralizar a actividade nos colexios para utilizar de forma perversa aos nenos e ás nenas da comarca, portando tal número de bandeiras españolas que incluso para aqueles que non se declaren nacionalistas resultou un absoluto exceso. Nin tan sequera tiveron o respecto necesario para que de entre a morea de bandeiras houbera unha galega ¿cómo se chama iso? Quere facer constar que Vicente del Bosque conta con todo o seu respecto e que é unha persoa sensata, tranquila, comedida, nunha profesión na que non abundan persoas así, pero de aí a darlle o nome dunha rúa vai un mundo, máximo cando hai persoeiros ilustres, fillos de Maceda, que teñen contraído máis méritos na súa vida. Nunha conversa cun político de Maceda con responsabilidades no goberno municipal, na que se lle cuestionaba este feito, contestou que tamén Rosalía de Castro tiña rúa e nunca fixo nada por Maceda. Para finalizar, di que pregunta cal foi o custo total que supuxo para a Deputación a inauguración do campo de fútbol: custo total das obras do céspede artificial e gasto do desprazamento de autoridades e persoas convidadas (se os houbo).

O **Sr. presidente** responde que contestará por escrito.

15.C. ROGOS FORMULADOS ORALMENTE NO PLENO:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

1ª) D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que formula un rogo, porque o Sr. presidente está actuando mal e non desenvolve ben a dinámica plenaria. Non se adecúa á normativa de réxime local nin as prácticas das institucións democráticas. Di isto porque o presidente fixo de oposición e de goberno a un tempo, porque el mesmo se fai as preguntas e as contesta. Iso non se establece así e tampouco le o corpo enteiro das preguntas, polo que verá si se adecúa á normativa ou non.

3ª) D.ª Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista, di que quere formular un rogo en relación co Pleno de hoxe e o do pasado mes de marzo, do que se tivo que ausentar, quere facer algunhas aclaracións. Dille á Sra. Lama Nóvoa, xa que foi ela a que aludiu á petición de cambio de data do Pleno, que a persoa que fala non é grata no grupo político do PP de Ramirás, despois de 60 anos de presidir a alcaldía a mesma familia e despois de 40 anos da anterior rexedora, que tivo que ir para casa. Ten moitos atrancos para desenvolver o seu labor. Non di isto con acritude nin para molestar a ninguén, pero en canto á petición do cambio do Pleno di que non o fixo porque xa o tiña feito no seu concello, pero de forma oral, polo que non ten ningún documento que o xustifique. Quere facer alusión a un señor moi importante para ela, que era o seu pai, socialista, que tivo que renunciar á súa carreira militar polas súas ideas. Este señor socialista educouna en tres valores, lealdade, honradez e verdade, polo tanto a ela non lle gusta mentir e tampouco lle gusta a xente que minte. Quere desmentir, ou aclarar, dúas afirmacións que se fixeron neste pleno: unha delas era que ela non pedira por escrito ningún cambio de pleno do 31 de marzo, e xa explicou que o fixera oralmente, pero si pedira por escrito o cambio de hora do pleno de outono, xa que coincidía co da Deputación e ten documentos que o acreditan (certificacións da secretaria do Concello) que así o solicitara e tamén que o alcalde lle denegou ese cambio sen causa xustificada. Quere aclarar que o portavoz do Grupo Socialista, don Ignacio Gómez, non mentiu, como moito interpretou mal o que el sabía das súas cuestións referentes ao Concello de Ramirás. Invita á Sra. Lama Nóvoa a comer e así xuntas poden mirar a vídeo acta e poderá comprobar que está equivocada. Son cinco horas de vídeo acta, e ela repasounas por dúas veces e en ningún momento o portavoz socialista di que ela pediu o cambio do pleno do 31 de marzo. Di, ao principio da intervención, que non lle parecía normal que se fixeran os plenos no rural pola mañá, e non lle parecía normal porque el sabía que despois de corenta anos que a Sra. ex – alcaldesa fixo os plenos pola tarde, o que rexe agora en Ramirás cambiounos para as mañás, ás 12.00, ocasionando un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

grave prexuízo para todos en xeral, e en particular para o seu grupo político. No grupo socialista de Ramirás hai dous concelleiros que son autónomos e ao convocarlles o pleno a esa hora non poden ir traballar, perdendo os recursos do seu traballo. Outro inconveniente é que ela é funcionaria do SERGAS e os días que falta o SERGAS ten que substituíla con outra persoa/s, causando un sobrecargo para as arcas públicas que pagamos todos. Tamén se atreve a dicir que é un prexuízo moral, porque todos os compañeiros da corporación municipal de Ramirás están traballando para os veciños e veciñas de forma altruísta, xa que non teñen ningún tipo de retribución e a asignación para os plenos é de cinco euros, aos cales renunciou o Grupo Socialista e non se lles aceptou esa renuncia. Reitera que don Ignacio Gómez non fixo ningunha alusión a cambio de pleno. Despois de dúas horas de desenvolvemento do Pleno da Deputación, e no desenvolvemento do Pleno de Ramirás, o deputado don Pablo Pérez exhibiu un documento no que a secretaria de Ramirás certificaba que a deputada que fala non pedira ningún cambio de ningún pleno, e iso non é así. Ese certificado foi feito pola secretaria por unha providencia da Alcaldía, ao momento, onde se especificaba claramente que dona Isabel Gil Álvarez non pedira ningún cambio de pleno para ese día, porque ela sabía perfectamente que noutras ocasións si pedira que se cambiara a hora dos plenos. Cando don Pablo Pérez mostrou o referido documento instou ao portavoz socialista para que rectificase, cando o dito portavoz non dixera nada en tal sentido. Ante a sorpresa, o portavoz socialista preguntoulles aos seus compañeiros que si sabían que ela tiña pedido en ocasións o cambio de hora do pleno e non se lle concedera, polo que dixo que non retiraba a súa defensa, o cal lle agradece tanto a el como aos seus compañeiros, porque confían nela. Para a súa forma de entender, é un despropósito que se utilice esta Deputación e o Concello de Ramirás para que a Sra. secretaria do Concello teña que facer unha certificación en pleno desenvolvemento dun pleno. Segundo a Sra. Lama Novoa tardou dous minutos en facer o dito documento, pois a ela, cando os solicita, tárdanlle días e se é un informe tardan dous meses. Reitera que en relación co pleno de Ramirás do día 31 no houbo ningunha mentira, como moito un mal entendido, especificando que foi pedido oralmente pola súa persoa, e no outro pleno que coincidiu co da Deputación queda xustificado pola Sra. secretaria a súa solicitude de cambio de hora e a denegación por parte do Sr. alcalde, que por outra banda este lle dixo neste pleno do 31 de marzo que se quería o cambio que o pedira por escrito e el lle diría si ou non, segundo como el quixera.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 29 de abril de 2016

3º) **D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana**, rógalle ao Sr. Álvarez Dobaño que non utilice a chantaxe emocional coas Cañas de Maside. El sabe perfectamente o que fixo, e oxalá el como empresa tivera a mesma publicidade que lle fixo el a Cañas de Maside.

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto décimo quinto da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo quinto](#)

E, ás 14.55 horas do día vinte e nove de abril do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,